

sarria

Sarria conmemorou o Día da Muller con varias actividades durante a fin de semana. **Páx. 3**

paradela

Melloran a eficiencia enerxética de varios puntos do municipio paradelense. **Páx. 16**

láncara

Inaugurada a nova ponte de Supena, na parroquia lancaresa de Ronfe. **Páx. 18**

o incio

Aprobados os orzamentos municipais por 2,2 millóns de euros. **Páx. 19**

samos

O Goberno local reafirmase como promotor das obras en Teibilide. **Páx. 20**

O futuro das casas dos mestres, a debate



A dependencia centra o debate na Deputación

O Pleno esixirá á Xunta que retire as reformas que fixo á lei porque deterioran a atención. **Páx. 13**

Poñen en valor a Escola de Taekwondo

O alumnado adulto di que: "A AC Taekwondo e o deporte fainos medrar como persoas". **Páx. 21**

A.C. Meigas e Tragos



A Asociación Meigas e Tragos reafirma a importancia da Noite Meiga. **Páx. 4-5**

María Barrado García



A escritora presentou o seu primeiro poemario na Casa da Cultura. **Páx. 8**

Montserrat Mulet



A alcaldesa de Paradela fixo un ano á cabeza do Goberno local. **Páx. 17**

Humildade, a esencia do equipo SD Oural

O adestrador do equipo, Negrete, destaca os valores que se aprenden no equipo de Oural. **Páx. 23**

CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³

CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO

INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com

SARRIA

O Entroido de Sarria 2025 foi todo un éxito



O Entroido de Sarria 2025 foi todo un éxito de participación e ambiente festivo. Máis de 20 grupos e arredor de 1.400 participantes desfilaron polas principais rúas do centro, nun percorrido que partiu da Feculera e continuou polas rúas da Liberdade, Diego Pazos e Matías López, ata rematar na Praza da Vila. O evento destacou tamén pola súa aposta pola inclusión. Na rúa da Liberdade habilítouse un tramo de son moderado, permitindo que persoas con hipersensibilidade acústica puidesen desfrutar do desfile con maior comodidade.

O broche de ouro desta xornada festiva coa entrega de premios. Na categoría de carroza, o primeiro premio foi para 'O Barraquillo', que representou unha festa con trío musical, hinchable e postos de algodón de azucre, lambetadas e tiro. O segundo posto foi para 'A tribu dos indios' da Anpa do colexio de Oural, mentres que o terceiro lugar quedou para 'Sen vergoña'.

Na categoría de comparsas, a ANPA

do colexio La Asunción venceu con 'Os Asunpeiros', que homenaxeou os diferentes Entroidos galegos, así como á fotógrafa e etnógrafa Mercedes Vázquez Saavedra e á escultora Violeta Bernardo. O segundo lugar foi para 'O bosque máxico' da ANPA do CEIP Frei Luis de Granada; mentres que as 'Piruletas do Xela' da ANPA da Escola de Educación Infantil Xela Arias da vila e 'A fraga máxica' do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (CAPD) levaron o terceiro e cuarto premio. En individual, o gañador foi 'Salta salta pequeno canguro', seguido de 'La canción del Colacao'. O xurado recoñeceu á mellor música en vivo, que foi a da Batucada TuKuPá!. Ademais, entregáronse tres accésitos: a mellor infantil para 'Érase unha vez... a Merced' do colexio de La Merced, á comparsa máis animada de 50 compoñentes para 'Manda ovos con Paradela' do CEIP San Miguel de Paradela, e ao participante máis animado para Marcos, de 'Os Asunpeiros'.

Abraham Cupeiro presenta o seu disco 'Loira' cunha xira por Galicia

O músico sarriao Abraham Cupeiro presenta o seu traballo discográfico, 'Loira', un álbum cheo de contrastes e emocións que combina temas eufóricos con pezas máis íntimas.

"Mentres escribo estas liñas, ela, Loira, está ao meu carón, como cando facía vídeos na corentena no sofá da miña casa. Quizais teña que ver que estea cega para que lle guste tanto a música. Ela é mestiza, coma este disco, que recolle temas dispaes, cancións que gardaba nun caixón dende hai anos e que agora quero compartir con vós", explica Cupeiro sobre a inspiración detrás do proxecto.

Abraham Cupeiro iniciará a súa xira de presentación de Loira o 3 de maio



no Auditorio de Ourense, seguindo o 16 de maio no Auditorio Fuxan os Ventos de Lugo, o 24 de maio no Auditorio Pazo da Cultura de Pontevedra,

o 25 de maio no Auditorio de Ferrol, o 6 de xullo no Teatro Colón da Coruña e finalizará o 20 de decembro no Teatro Afundación de Vigo.

Peleriños organiza un amplo programa de actividades ata maio

A Asociación Peleriños anunciou as próximas actividades culturais que organizará ata o mes de maio, cunha oferta diversa que busca poñer en valor as tradicións galegas. A programación continuará o 29 de marzo coa IX edición da Estremonía Cantada, os populares cantos de taberna que encherán de música os bares de Sarria nunha xornada de festa e tradición.

Os máis pequenos tamén terán o seu espazo nesta programación cultural. O sábado 12 de abril celebrarase a III edición dos Cantos Pequenos, unha iniciativa pensada para achegar a música tradicional



á infancia e fomentar a súa participación.

Para pechar esta programación, o sábado 9 de maio terá lugar un acto conmemorativo das Letras Galegas, que este ano estará dedicado ás

cantareiras, mulleres que tiveron un papel fundamental na transmisión da música tradicional galega.

A Asociación Peleriños convida a toda a comunidade a participar nestas celebracións.

**PREFABRICADOS
Y HIERROS
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34

27614 Sarria - Lugo

Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501

Móvil: 629 802 700 - 629 817 933

email: hierrostouron@gmail.com

As vivendas dos mestres volven ao pleno do Concello

O pleno municipal do mes de febreiro de Sarria acordou instar á Consellería de Política Social e Igualdade a incrementar os importes máximos das axudas do Plan Corresponsables para 2025, unha moción presentada polo grupo de Goberno, Camiña Sarria e que foi apoiada por BNG e PSOE. Desde o Goberno local, representado pola concelleira de Políticas sociais, Isabel Vergara, defenderon que a diminución das axudas fai que o Concello teña que asumir un custo de máis de 100.000 euros.

Ademais, Camiña Sarria presentou unha segunda proposta para pedir-lle á Xunta a desafectación e traspaso ao Concello as vivendas dos mestres do CEIP Frei Luis de Granada, que tamén foi apoiada polo BNG e o PSOE. Así, o concelleiro César No sostivo que xa teñen a documentación para a desafectación, pero explicou que “ten que ser con garantías de entrega, en condicións dignas”.

O Grupo Municipal do Partido Popular de Sarria manifestou o seu “absoluto rexeitamento” á moción, na que se condiciona o achegamento da documentación requirida pola Xunta para a desafectación das antigas vivendas dos mestres do CEIP Frei Luis de Granada á súa rehabilitación.

O Partido Popular considera que a moción de Camiña Sarria deixa clara a súa verdadeira intención, que non é outra que incumprir o acordo plenario e frustrar a construción do parque cuberto. “Lonxe de aportar solucións, Camiña Sarria engade confusión e deixa clara a súa vontade de deixar sen efecto o proxecto do parque aprobado por toda a corporación”, subliñou



a portavoz popular, Carmen José López. Ademais, cualificaron de “inaceptable” que se suxira á rehabilitación das vivendas en ruínas, que deberían ser substituídas por un espazo público moderno, útil e accesible para todos os veciños. López destacou que ignorar a vontade do pleno municipal e a demanda do parque cuberto “é un despropósito”, especialmente nun momento no que a infraestrutura é vital para as familias de Sarria.

Os populares tamén censuraron a postura do BNG, que pasaron de apoiar a construción do parque a aliarse co Goberno Municipal.

MOCIÓNS DO PP. Pola súa parte, os populares non conseguiron o apoio suficiente para que saísen adiante as súas. Así, con respecto á iniciativa pedindo a mellora da praia fluvial e a área recreativa do Chanto, os populares consideraban fundamental a posta en marcha dun proxecto integral de recuperación da zona recreativa, tal e como xa fora aprobado anteriormente. Para iso, reclamaron que se inclúan nos orzamentos municipais as partidas necesarias para a execución das obras

e sinalaron que a recente adquisición de novas parcelas na zona por parte do Concello, incluíndo unha na beira do Río Sarria, abre a porta á recuperación e ampliación da praia fluvial.

Pola súa parte, o alcalde sostivo que “non é unha obra que poida asumir o Concello, xa que está en dominio público hidráulico”.

Con respecto á proposta popular na que pedían o mantemento das pistas viarias municipais, tampouco foi apoiada e desde o Goberno local sostiveron que en 2024 se investiron 1,2 millóns de euros no mantemento das estradas. A proposta contemplaba a elaboración dun calendario de actuacións periódicas para a reparación e acondicionamento do firme, así como un programa de limpeza e roza de cunetas para garantir o correcto drenaxe das vías e evitar que a auga circule sobre o pavimento, acelerando o seu deterioro, como xa ocorre en varias zonas do municipio. A moción tamén incluía a solicitude de colaboración e subvencións doutras administracións para garantir o financiamento das actuacións previstas.

Sarria conmemorou o Día da Muller con varias actividades




O Concello de Sarria, a través das concellerías de Igualdade, Cultura e Deportes, organizou unha fin de semana chea de eventos para conmemorar o Día Internacional da Muller (8M). As actividades, que se desenvolveron entre o venres 7 e o domingo 9 de marzo, buscaron promover a igualdade e visibilizar a loita das mulleres na sociedade. O venres 7 de marzo tivo lugar o acto institucional na Casa do Concello, coa lectura do manifesto polo 8M, a cargo da concelleira Isabel Vergara, quen manifestou o compromiso do Goberno local pola igualdade, a xustiza e a dignidade de todas as mulleres.

“Un ano máis, o 8 de marzo, non é un día de celebración, senón de loita e reivindicación. Nesta data tan sinalada, renovamos o noso firme compromiso de promover e defender os dereitos das mulleres e nenas, sen distinción de orixe, idade, etnia, orientación sexual, discapacidade ou calquera outra condición. Hai 30 anos, celebrábase a Cuarta Conferencia Mundial sobre a Muller, un foro que congregou a máis

de 30.000 activistas da sociedade civil de todo o planeta e a 17.000 delegadas e delegados clamando por un mundo máis igual, máis xusto e máis pacífico para as mulleres. Tres décadas despois podemos afirmar que os logros alcanzados foron numerosos, pero a desigualdade das mulleres e a violencia e a discriminación que aínda sufrimos, impide o progreso cara a unha sociedade máis pacífica e mellor”.

Outro dos actos foi a presentación do poemario AMOR(EXIA) da escritora María Barrado García, unha obra que convida á reflexión sobre o amor e a identidade.

Pola súa parte, o propio sábado 8 de marzo, a Rúa da Liberdade foi o escenario da VIII Carreira da Muller Vivas e Iguais, unha iniciativa que combinou deporte e reivindicación, promovendo a participación activa das mulleres na sociedade. Para pechar a fin de semana, o domingo, 9 de marzo, a Casa da Cultura foi o escenario dun concerto especial a cargo da Banda de Música da Comarca de Sarria, un evento dedicado ás mulleres.



VAMOS A CONSEGUIR TU MEJOR SONRISA

YA ESTAMOS ABIERTOS

ESTE 2025
CUIDA
TU SONRISA

Ven a conocernos y te daremos nuestra valoración sin compromiso.

C-27-001438

- **DRA. IRIA GASAMÁNS.** Odontología general, endodoncia y prótesis. Colegiada 27001306.
- **DR. ALFREDO RODRÍGUEZ GRANDJEAN.** Cirugía oral e Implantología. Colegiado 15001940.
- **DR. SAMUEL GARABAL.** Ortodoncista. Colegiado 27001180.
- **ANISSA AMANCHAR.** Higienista bucodental. Colegiada 1674.



CLÍNICA
OBRADOIRO
DENTAL

Rúa Pedro Saco, 37 • Tel. fijo: 982 831 632 • Móvil: 621 404 218

“O obxectivo é facer cada vez máis grande Meigas e Trasgos”

Belén Fernández Gayoso e Iván Pereiro Campo, presidenta e vicepresidente da Asociación Cultural Meigas e Trasgos de Sarria, destacan o “bo” momento actual

Jessica Fernández

A Asociación Cultural Meigas e Trasgos de Sarria é un referente a nivel provincial e galego grazas á súa Noite Meiga, que cada ano reúne na vila a miles de persoas que se achegan para gozar dunha xornada máxica. “No informe policial que incluimos na documentación presentada para conseguir que a Noite Meiga sexa declarada Festa de Interese Turístico Galego, recollíase a cifra de 7.000 persoas nunha soa xornada da Noite Meiga 2024, pero houbo máis xente”, explica o vicepresidente. Pola súa parte, a presidenta destaca que só no seu local, O Meigallo, reuníronse 2.000 persoas.

“A Noite Meiga é unha cita fixa no calendario, como o é o Fin de Ano. Veñas ou non, sabes que o último sábado de agosto celébrase a Noite Meiga en Sarria e, se podes vir, vas prepararte para iso porque é unha ocasión especial”. Belén sinala que a mocidade prepárase cos seus traxes “para saír todos guapos, é increíble”. E, para eles, é “moito traballo”, pero “todo paga a pena por ofrecerlle ao pobo este evento; por iso merece ser recoñecido con ese título da Xunta”, explican. “Sería a única festa de Sarria con este recoñecemento e iso tamén é positivo para o pobo, porque realmente a Noite Meiga é do pobo”.

CRECEMENTO CONSTANTE. Meigas e Trasgos presume do seu percorrido de máis de 50 anos, nos que “melloraron exponencialmente”, atopándose hoxe nun “moi bo momento”. Así, sosteñen que “o

crecemento foi bastante grande e a evolución moi positiva, tendo en conta que, como en todas as asociacións, hai momentos máis baixos, pero valoramos o cómpu global e o momento actual, e

e Trasgos está composta por unhas 400 persoas”. Entre elas, os membros da directiva destacan o papel dos nenos: “Valoramos moito a escola porque é a nosa canteira, na que contamos con 100 persoas de



estamos encantados e orgullosos, porque de Meigas e Trasgos saíron grandes profesionais, artistas e persoas, como Abraham Cupeiro, que é desta casa”, lembran.

“Actualmente, podemos dicir que somos arredor de 250 socios, pero entre os grupos da escola e outras persoas que nos apoian, poderíamos dicir que a familia de Meigas

entre 2 e 70 anos. Entre eles, este ano temos un grupiño de baile de 10 ou 12 nenos de entre 2 e 3 anos que irá medrando”.

No que respecta ás clases de baile, comentan que teñen catro sesións os sábados pola mañá, dúas os sábados pola tarde e un grupo os mércores pola tarde para aqueles que non poden asistir na fin de se-

mana, “onde se atopa esa xente un pouco máis maior”. Ademais, destacan que este ano contan cun grupo de adolescentes que cren que vén motivado pola Noite Meiga: “Todo o que transmite este evento fai que a mocidade nos vexa con bos ollos, e estar de moda entre os adolescentes é todo un éxito”.

MÁIS ACTIVIDADES. Ademais das clases de baile, tamén ofrecen clases de pandeireta, canto, gaita e percusión. Os socios, que pagan unha cota anual de 40 euros, teñen dereito a participar en cada unha destas actividades ou en varias por

“Estamos moi orgullosos de formar parte deste grupo de profesionais, xa que temos unha unión que podería denominarse como familia”

pago para os nosos socios. Na Noite Meiga dámoslle prioridade aos socios para vir cear aquí... Ao final, ser socio compensa porque podes gozar da vida cultural de Sarria en diferentes aspectos”, explican.

Ademais das clases, a Noite Meiga e o Ultreia et Suseia, desde Meigas e Trasgos participan noutras actividades, como o San Xoán de Sarria, o San Isidro, a Feira de Anticuarios, a Cabalgata de Reis; así como organizan o Día de Meigas a fin de curso, propoñen obradoiros durante o ano e celebran o Magosto, “ao que pode vir todo o mundo, xa que queremos que O Meigallo, aínda que sexa un local noso, sexa un espazo aberto a todos, non só aos socios. Ten que haber, loxicamente, unha prioridade para os socios, pero queremos que sexa un espazo aberto para todo o pobo”, sosteñen.

“Estamos moi orgullosos e contentos de telo, porque hai poucas asociacións en Galicia que poidan dispoñer dun espazo así. Nós temos esta sorte, pero ao mesmo tempo é un hándicap, porque mantelo sen axudas é moi complicado con 250 socios. Agora mesmo temos un problema coas goteiras e o tellado, a ver se conseguimos arranxalo”, explica Belén.



Alquiler de Vehículos en Sarria

951 12 93 33

OSCAR.ES



VEHÍCULOS INDUSTRIALES



DESDE 36€ /DÍA

TURISMOS



DESDE 30€ /DÍA

MONOVOLUMEN 6-9 PLAZAS



DESDE 90€ /DÍA

200 KM INCLUIDOS AL DÍA Y SEGURO



TENEMOS UN COCHE DE ALQUILER PARA CADA NECESIDAD

Viajes, eventos, Camino de Santiago, coches de sustitución, vacaciones...



FUTURO ESPERANZADOR. Seguindo por este camiño, outras necesidades da asociación son os traxes. “Este ano estamos cun obradoiro de confección de traxes e estamos facendo o básico, pero necesitamos máis. Esiximos á xente que queira bailar que teña a súa propia roupa branca, por hixiene, e despois nós ofrecemos todo o que temos, pero non chega para todos. Igual que cos instrumentos, cada un ten o seu, sobre todo se é unha gaita ou unha frauta... Despois, no caso da percusión, pandeiretas, tambores e bombos temos aquí porque se poden compartir entre os socios; pero por hixiene, gaitas non”, argumentan.

Se o presente de Meigas e Trasgos é positivo, a pesar dos altos e baixos do pasado, poderíase dicir que o futuro é esperanzador. Como sostén Belén, “somos traballadores e resilientes”. Este é un dos valores do colectivo: permanecer e mellorar, así como fomentar o compañeirismo, o amor pola tradición e pola cultura galega.

“Iván e máis eu levamos aquí desde que nacemos, e esa constancia e compromiso é o que intentamos transmitir aos que comezan connosco”, explican.

Ese amor xa se nota nas novas xeracións, “que teñen moitas ganas de seguir co que xa se está facendo,

porque o obxectivo de futuro é facer cada vez máis grande a Meigas, e todo o que poidamos exportar cara a fóra, pois moito mellor”, destaca Iván. Ademais, no referente á Noite Meiga, unha vez conseguida a declaración de Festa de Interese Turístico Galego, o obxectivo é que tamén sexa recoñecida a nivel nacional.

“Todo isto é bo para Meigas e Tras-

estaremos encantados. É unha sorte ter dúas asociacións deste nivel, aínda que cada unha teña a súa esencia e personalidade, pero as raíces son as mesmas. Ao final, é unha sinerxía. Por iso, calquera cousa que necesiten, aquí estamos”, ofrecen.

Finalmente, queren recuperar o seu museo, o único que hai en Sarria, e que quedou abandonado por falta



gos, pero tamén para Sarria, xa que é moi positivo colaborar entre colectivos e asociacións polo ben do pobo. De feito, en todas as actividades que poidamos facer con outras entidades,

de recursos económicos. “Queremos poñelo en valor e recuperar as bienais da Noite Meiga, para seguir promovendo a cultura e as artes en Sarria”, conclúen.

A Louband comezou a súa xira no Entroido



A Banda Louband de Sarria arrincou a súa esperada xira musical durante o Entroido 2025, levando o seu ritmo e a súa música a diferentes concellos galegos.

A primeira cita foi o 28 de febreiro en Xinzo de Limia, logo estivo o 1 de marzo Laza, e o domingo 2 de marzo actuou en Viana do Bolo.

O luns 3, estiveron no Carballiño e na cidade de Ourense, onde actuaron tamén o martes 4. Ese mesmo día, a banda desprazouse ata Ribadavia para continuar coa súa xira.

A semana rematou cunha actuación en Cubillos del Sil, o 8 de marzo, e pechan a súa xira no seu pobo natal, Sarria, o luns 10 de marzo.

A ACES pon en marcha a súa campaña polo Día do Pai

A Asociación de Comerciantes e Empresarios - Centro Comercial Urbano de Sarria organiza a súa campaña do Día do Pai entre o 10 e o 19 de marzo, co obxectivo de promover o comercio local na vila.

A campaña ten como lema ‘Papá dácho todo, dálle ti o mellor, merca produto local’.

A iniciativa anima aos veciños e veciñas de Sarria a adquirir os

seus agasallos para os seus pais nos establecementos locais. Ao facelo, os participantes poderán optar a vale de 200 euros para gastar nos máis de 25 comercios adheridos á campaña.

Con esta acción, ACES busca fomentar o consumo no comercio local e incentivar as compras na súa área comercial, ao tempo que celebra o Día do Pai de maneira especial.



AUDÍFONOS SIEMENS
DISCRETOS, VERSÁTILES, CON PILAS O RECARGABLES

Audio Sarria
CENTROS AUDITIVOS
Nº de Registro Sanitario: E-27000398



OFRECEMOS LA REHABILITACIÓN AUDITIVA QUE MEJOR SE AJUSTA A TUS NECESIDADES

PRUEBA DE AUDÍFONOS SIN COMPROMISO DE COMPRA
PIDE TU CITA EN: 982 531 191 / 669 548 976

C/ Matías López, 63-bajo | 27600 - SARRIA (Lugo) | audiosarria@gmail.com





ASESORAMIENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha comparativa de aforro personalizada:



Entra e infómatel
982 876 681
sarría@xenera.com



XENERA
COMPAÑÍA ELÉCTRICA

El principal comercializador de energía 100% galega. Concedido en 1991 por el Gobierno.

GESA ENERGÍA Colaborador Oficial de XENERA

Os populares critican que o alcalde aínda non pagara ás farmacias



O Partido Popular de Sarria critica a convocatoria da xunta reitoral da residencia e responsabiliza directamente ao alcalde, Claudio Garrido, de non ter abonado aínda a débeda coas farmacias. A portavoz popular, Carmen José López, lembra que “o alcalde foi advertido por Intervención de que a única persoa con capacidade para aprobar o pago é el mesmo”.

Neste sentido, subliña que un acordo adoptado pola xunta reitoral carecería de validez ao non ter competencia para tomar esa decisión.

López critica que, a pesar de coñecer esta situación, o alcalde decidise convocar a xunta reitoral, cualificándoo de “teatro innecesario. Se Garrido non aprobou o pago, é única e exclusivamente responsabilidade súa e terá que explicalo”, engade.

Ademais, nega que o Partido Popular votase en contra do pago ás farmacias. “O PP nunca se opuxo. De feito, nin sequera puidemos votar, porque a decisión debía tomala o alcalde”,

explican.

A portavoz tamén lembra que o Pleno xa aprobara hai meses unha modificación de crédito para facer fronte á débeda, pero denuncia que o alcalde atrasou o pago ata superar os prazos. “Non sabemos con que intención, aínda que supoñemos que coa de non pagar”, apunta.

Os concelleiros do PP xa advertiran en novembro e reiteraron por escrito que non podían votar un asunto que non era da súa competencia. Aínda así, sosteñen que Garrido convocou a xunta reitoral unicamente para buscar escusas e eludir a súa responsabilidade.

“A situación actual foi provocada polo alcalde, que deixou pasar o tempo a pesar de contar co acordo do Pleno para destinar os fondos ao pago da débeda. Onte mesmo podería ter adoptado a decisión, pero non o fixo porque sabía que a xunta reitoral era unha escenificación innecesaria e un engano tanto á oposición como ás farmacias”, conclúe López.

Leváronse a cabo melloras no CEIP Frei Luís de Granada

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, visitou o CEIP Frei Luís de Granada, en Sarria, para comprobar o resultado das últimas obras realizadas no centro. Estas intervencións permitiron a ampliación das aulas de Educación Infantil e da zona cuberta do patio, entre outras melloras.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional destinou un total de 51.700 euros a estas actuacións co obxectivo de “proporcionar maior comodidade aos nenos e nenas na clase e favorecer o uso do patio incluso nos días de chuvia”, segundo sinalou Arias. Ademais, realizáronse pequenas reformas na zona de administración do centro.

O delegado lembrou que o Goberno galego tamén acometeu a



rehabilitación integral do colexio para reforzar a súa estrutura e mellorar a súa eficiencia enerxética. En total, investíronse máis de 1,6 millóns de euros na renovación das instalacións, conseguindo un aforro enerxético do 15 % dentro do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica da Consellería.

Arias destacou o éxito deste plan, que se iniciou en 2021 co obxectivo de adaptar os centros educativos ás novas necesidades do ensino público. Este programa contempla a execución de preto de 200 intervencións no período 2025-2028, cun orzamento inicial de máis de 210 millóns de euros.

A Asociación Cultural Crearte recolleu 250 quilos de lixo no río Sarria

A Asociación Cultural Crearte organizou unha xornada de limpeza no río Sarria, especificamente no tramo que percorre a zona de Manán. Un total de 14 voluntarias e voluntarios participaron na actividade, conseguindo recoller uns 250 quilos de lixo. A iniciativa serviu para dar visibilidade á necesidade de implicarse na conservación dos nosos espazos naturais. A asociación anunciou que, para seguir medrando e ampliando a súa xira de voluntarios, comezarán a organizar quedadas periódicas cada trimestre. Aínda que a xornada foi positiva pola boa resposta da xente



e o contacto coa natureza, deixou un sabor agridoce pola gran cantidade de lixo recollido, especialmente toallinas de baño non biodegradables. Por iso, a Asociación fai un chamamento á poboación para

que sexa máis coidadosa co que se bota ao WC e a adoptar prácticas máis responsables co noso entorno. Ademais, deron as grazas a todas as persoas que participaron na actividade.

Rebollal - Leal
CLÍNICA CARDIOLÓGICA



TU CARDIÓLOGO EN SARRIA

ESPECIALISTA EN HEMODINÁMICA Y
CARDIOLOGÍA INTERVENCIONISTA

Rebollal - Leal
CLÍNICA CARDIOLÓGICA

- Valvulopatías
- Insuficiencia Cardíaca
- Arritmias
- Cardiopatías Congénitas
- Cardiopatías Familiares
- Prevención Cardiovascular
- Hipertensión Arterial
- Dolor torácico

O BNG critica o recurso do PSOE contra a compatibilidade da edil

A agrupación municipal do BNG de Sarria cualificou de “ridículo” o recurso presentado polos concelleiros socialistas contra a compatibilidade da edil nacionalista Mónica López, aprobada no pleno municipal de decembro para traballar na residencia de maiores. No debate plenario, PP e PSOE solicitaron un informe alegando que a edil só cumpría dous dos catro requisitos establecidos.

Segundo explican desde o BNG, a residencia de anciáns levaba tempo sen servizo de animación debido á baixa médica da persoa titular da praza. Ante esta situación, o Concello de Sarria abriu unha bolsa para cubrir baixas temporais neste posto, que ten unha xornada parcial e depende dun organismo autónomo. Mónica López inscribiuse no proceso selectivo ao ter dereito a facelo, sendo finalmente a única candidata na bolsa.

Finalizado o proceso, os técnicos municipais elaboraron un informe e determinaron que a decisión sobre a compatibilidade debía tomala o pleno municipal, que finalmente a aprobou. Tras esta aprobación, a edil incorporouse ao posto de traballo de maneira temporal, e cesará en canto a titular da praza se reincorpore. O BNG insiste en que se cumpriron todos os requisitos legais para ocupar o posto de maneira provisional.

O voceiro nacionalista, Efrén Castro, criticou a actitude do PSOE: “Paréceme absurdo que o Partido Socialista se opoña a cubrir un posto esencial para dinamizar a vida dos maiores da residencia”. Ademais, acusou os socialistas de mentir ao insinuar que o traballo podería converterse en permanente: “Ata o máis indocumentado sabe



que para conseguir unha praza fixa nun organismo público é necesario superar unha oposición”.

Por último, Castro lamentou a postura do PSOE en Sarria, asegurando que “están desnortados e sempre da man do PP, sen proxecto para o municipio nin iniciativas para mellorar Sarria”. Concluíu, reafirmando o compromiso do BNG de seguir traballando por un futuro mellor para o concello e defendendo os intereses da veciñanza en todas as institucións.

APOIO DUNHA PARTE DO PSOE. Unha parte dos militantes do PSOE de Sarria mostrou o seu malestar pola actuación dos tres concelleiros do partido no municipio, que, segundo denuncian, actuaron “ao marxe dos militantes”.

Esta reacción xurdiu despois de que os concelleiros foron informados sobre a demanda interposta contra a concelleira do BNG, relacionada coa súa participación nunha bolsa de emprego da Residencia.

Os militantes do PSOE expresaron a súa preocupación pola demanda, sinalando que semella carecer de fundamento, xa que a acusación baséase unicamente na posi-

bilidade de que unha persoa que acceda a unha bolsa de traballo temporal poida pasar a indefinida, obviando que este proceso require superar unha oposición.

Ademais, os militantes consideraron preocupante a non comparecencia dos concelleiros na Xunta Reitora para resolver cuestións relacionadas cos pagos de medicamentos aos residentes, que anteriormente se realizaban en efectivo e baixo a responsabilidade dalgúns dos asinantes da demanda.

Así mesmo, os militantes do PSOE sinalaron que “a día de hoxe os tres concelleiros do PSOE están perfectamente aliñados co PP”, o que consideran unha evidencia adicional da falta de coherencia cos principios do partido.

Os militantes consideran que as decisións adoptadas polos concelleiros están a ter consecuencias negativas tanto a nivel local en Sarria como a nivel provincial en Lugo e Santiago.

Por último, mostraron o seu apoio á concelleira do BNG e deixaron constancia de que, en ningún momento, se lles informou nin tivo en conta á hora de tomar este tipo de decisións.

O PP de Sarria esixe medidas ante a caída de árbores na canle do río



O Grupo Municipal Popular de Sarria reclamou ao goberno municipal e á Confederación Hidrográfica Miño-Sil a adopción de medidas inmediatas ante a continua caída de árbores na canle do río.

Os concelleiros do PP instan ao executivo de Camiña Sarria a revisar e conservar as árbores, xa que as caídas reiteradas nos últimos meses afectan non só aos ríos, senón tamén a outras zonas do municipio pola falta de mantemento.

A portavoz do PP, Carmen José López, alertou do “grave perigo” que esta situación supón para a seguridade dos veciños e visitantes, ademais de afectar á imaxe do municipio, que se ve deteriorada pola acumulación de lixo.

Os populares levan tempo advertindo da urxencia de avaliar o estado das árbores nestas zonas. Xa no anterior mandato

solicitaron actuacións concretas, pero denuncian que o actual goberno municipal non se preocupa por este problema. “A falta de mantemento está provocando a caída de árbores, aumentando o risco de accidentes e danando a paisaxe”, sinalou López.

Por iso, os concelleiros do PP demandan que o alcalde e o seu goberno tomen as medidas necesarias e coordinen coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil a retirada das árbores caídas na canle do río para evitar posibles obstrucións e inundacións en épocas de choivas.

López concluíu que “non podemos permitir que esta situación continúe sen resposta”, e lembrou que “o goberno local debe garantir a seguridade de todos os sarriaos e manter en bo estado as zonas verdes e fluviais do municipio”.

**PERMUY
GESTIÓN**

CORREDURÍA DE SEGUROS

**¡40 AÑOS DE EXPERIENCIA
ASEGURANDO TU TRANQUILIDAD!**

Obtén el mejor seguro al mejor precio con
nuestro asesoramiento profesional.

¡No te pierdas nuestras ofertas de marzo!

Ven y descubre nuestras promociones especiales en
productos de inversión y seguros de salud y decesos.

¡TE ESPERAMOS!

Rúa da Liberdade, 86 27400 SARRIA (Lugo)


982 53 01 47
982 53 50 63
610 221 677

“Para min, escribir e pintar son unha terapia para a alma”

María Barrado García vén de presentar o seu primeiro poemario ‘Amor Exia’, unha composición literaria na que expresa os seus máis fondos sentimentos

Jessica Fernández

“Empecei a escribir como unha forma de ter unha vía de escape para todo o que estaba sentindo”, así relata María os seus comezos coa escritura, que vén desde hai anos, xa que “levo moito tempo con problemas de ansiedade e depresión, e para min escribir poemas era unha maneira de expresarme”, sostén.



O poemario ‘Amor Exia’ é unha composición de poemas “precisamente xurdidos nese desenvolvemento da miña persoa, na que pasei desde a ansiedade á depresión a través da morte da miña nai. Tamén pasei por unha anorexia que xa superei e iso marcou tamén moitos dos meus poemas, que dan como resultado este libro, que trata sobre as distintas fases polas que pasei en canto á miña saúde mental”, explica a es-

critora.

Así, con respecto ao título, di que é un xogo de palabras “Amor Exia é unha mestura entre o amor por unha mesma; e Exia pola anorexia. Ao final, o que saca unha de todas esas malas experiencias é o amor por unha mesma, xa que hai xente que sae de aí e outra que non, e a que sae é grazas a ese amor propio e tamén o que che transmiten as persoas do teu redor que están ao teu lado cando pasas por todo isto. Así, miras cara a atrás e decides que te vas querer un pouco máis”, defende. Este poemario é a súa primeira obra, composta por 36 poemas de diferentes momentos “da miña vida; algúns teñen 5 ou 6 anos e outros son máis recentes”, comenta. “A maioría son bastante duros, pero hai moitos que son esperanzadores, tamén por iso se chama ‘Amor Exia’, xa que en todos saco a forza de saír adiante e mostro a importancia de non sentirse só; que sempre se pode pedir axuda, sempre hai alguén aí e que se pode saír”, argumenta.

A ACOLLIDA DA OBRA. “Estou moi ilusionada, pero tamén algo sorprendida comigo mesma porque é algo que nunca pensei que chegaría a facer; sempre quixen publicar unha obra, pero non pensaba que chegara a facelo, non me sentía capaz. Tamén sinto algo de medo porque me espido moito neste poemario, xa que é moi sincero e sensible; estou contando a miña historia, a xente vaime coñecer ao 100 %, pero

a saúde mental non a elixes, nin que che pasen esas cousas, é algo que che toca e non se pode evitar”, manifesta a escritora. Porén, valora moi positivamente a acollida que tivo a primeira presentación da obra, que tivo lugar o pasado venres, 7 de marzo, na Casa da Cultura, onde estivo acompañada do tamén poeta e promotor do Bóveda Slam Poetry, Xosé Casar. “É o meu padriño, e sen el eu non tivera sacado este libro. Un día, sacoume nun micro aberto no Xarope e atrevínme a recitar poesías. Logo, propúxome participar no Bóveda Slam Poetry e agora estou finalista. O seu apoio, así como o de Yolanda Alcas, foi o que me tirou máis por todo isto, por iso pedínlle eu que viñera ás primeiras presentacións, polo que é un orgullo e unha honra que estea comigo”, pon en valor. Ademais, tamén valora o apoio

na Casa da Cultura, polo que




o avisei cando me chegaron os libros impresos e cadramos unha data, o que me fai ver que está implicado coa sociedade e a cultura da súa vila”, comenta.

“Pero non que máis énfase pon a María Barrado é na acollida por parte da veciñanza, xa que ela non é de Sarria, “pero levei moitos anos aquí e síntome como unha máis. Desde o primeiro momento a acollida foi impresionante. Teño aquí moitísima xente que me fai ver que me quere e, de feito, saquei o libro e xa levo

chea de xente nova, de músicos, de escritores, de xente que quere facer cousas... e iso encántame”, destaca.

O FUTURO. Para María, o futuro é claro: “Seguirei escribindo. De feito, xa teño poemas escritos e vou seguir nese camiño. Ademais, voume meterme en todo o que poida a nivel cultural porque esta vila é moi rica e disfrutando disto, a min estame curando a alma”, recoñece.

Ademais da escritura, a María Barrado tamén lle gusta pintar, por



do Concello de Sarria, xa que a través de María Casar, coa que está no obradoiro de escritura creativa, chegou ata o concelleiro de Cultura, César No, quen “me propuxo presentar o meu poema-

moitísimas reservas e vendidos. Noto o cariño da xente e paréceme unha vila riquísima a nivel cultural. Eu alucinei cando cheguei porque me falaran de que era un ‘pueblo’, pero é unha vila

iso ten exposta en Creativa Sarria unha mostra de 28 obras nas que se poden ver tanto cadros pintado con acuarelas como tamén con debuxo lineal. “A pintura axúdame coa miña saúde mental, igual que o fai a escritura, é como unha terapia, por iso seguirei pintando tamén e, se me deixan, expoñendo as miñas creacións”.

Así, di que o seu estilo é “propio e abstracto na pintura, aínda que me inspiro polo que vexo por Internet e o que fago é produto diso; e puramente experiencial no literario”, polo que non ten un artista concreto do que se inspira, senón que vai escribindo e pintando o que lle sae. “Agora tamén estou empezando co óleo e a ver que sae de aí, irei pouco a pouco”, conclúe.

ALBORADA
CLÍNICA VETERINARIA

- MEDICINA PREVENTIVA
- MEDICINA GENERAL
- CIRURXÍA TEJIDOS BLANDOS
- PELUQUERÍA
- TIENDA ESPECIALIZADA
- LABORATORIO
- DIAGNOSTICO POR IMAGEN

y mucho+

URGENCIAS 24H
646 046 954

WWW.CVALBORADA.COM · 982 53 36 59
Rúa Caneiro, 1-3, baixo · 27600 · Sarria · Lugo

PINTOR

PINTURAS - BARNICES
PERSIANAS
PAPEL PINTADO
TARIMA FLOTANTE
659 767 936

HOGAR
CORTINAS - STORES
RIELES
ALFOMBRAS
EDREDONES

C/ Benigno Quiroga,
93-95, bj - 982 533 497
SARRIA (Lugo)

PINTURAS HOGAR
LATAS
tel.: 659 76 79 36

A ANPA do colexio de Sarria pon en valor o seu traballo no Entroido

A directiva da ANPA do CEIP Frei Luis de Granada de Sarria puxo en valor o proxecto que desenvolveron para promover que as familias do centro educativo participaran este ano no Entroido de Sarria, "unha iniciativa que vai máis alá dun disface".

O proxecto de Entroido, que incluíu disfraces, carroza e organización, foi ideado e xestionado integramente pola ANPA, que se conformou en xaneiro deste ano debido a dificultades organizativas previas. Tendo en conta que o CEIP Frei Luis de Granada ten un total duns 480 alumnos, a ANPA pon en valor que "logramos implicar a case 250 participantes nesta proposta tan especial coa vontade de asegurar a inclusión de todas as familias". Por iso, a directiva da ANPA procurou que o custo do disface fose o máis reducido posible, permitindo a participación de todo aquel que desexase sumarse á iniciativa. Así, primou a "orixinalidade e o esforzo por parte das familias na elaboración das vestimentas; así como usamos materiais reciclados para a confección dos elementos da com-



parsa", o que subliña a importancia da sostibilidade e da creatividade na realización deste proxecto.

Ademais, desde a ANPA destacan que este proxecto "implicou a procura de instalacións, vehículos, disfraces e carrozas cun orzamento axustado, o que levou moito traballo".

A TEMÁTICA. A ANPA promoveu unha temática "máxica", inspirada na literatura galega e nos bosques da nosa terra, polo que foron disfrazados de 'O bosque máxico'.

Así, grandes autores como Rosalía

de Castro, Manuel María, Álvaro Cunqueiro ou Eduardo Pondal serviron de referencia para este proxecto, "que busca poñer en valor a riqueza cultural e natural de Galicia. Ademais, serviu como adianto da proposta que a ANPA está preparando para o Día das Letras Galegas, dedicado este ano ás cantareiras", explican desde a ANPA.

Con todo, a comparsa tamén contou con música en directo, aproveitando a aprendizaxe dos nenos que participan nos 'Venres de Foliada' no centro escolar.

Éxito no Obradoiro de Máscaras da A.C. Huhú



A Asociación Cultural Hu-hú organizou un Obradoiro de Máscaras de Cartón na súa Sede, situada no Núcleo Difusor de Arte Contemporánea en Sarria.

A actividade, aberta a persoas de todas as idades, enmarcouse nas iniciativas de preparación para o Entroido e tivo como obxectivo fomentar a creatividade e a tradición artesanal entre a cidadanía. O obradoiro contou cunha gran acollida, logrando reunir a decenas de persoas, desde nenos e nenas ata familias e outros inte-

resados.

A participación activa e a implicación dos asistentes foron unha das claves do éxito deste evento, que se fixo eco da riqueza cultural do Entroido e das tradicións artesanais locais.

Desde a Asociación Cultural Huhú expresaron a súa satisfacción co obradoiro, destacando que "foi pura golosía", e agradeceron a María, a encargada de impartir a actividade, así como a todos os participantes pola súa creatividade e entusiasmo.



PIZZERIA PAPPARAZZI
100% ITALIANI

¡¡OFERTAS ESPECIALES!!

-50% en 2ª segunda pizza familiar

-25% en 1ª segunda pizza familiar

Martes
Familias de Zambón e Bacon
8€

Servicio a domicilio
Rúa Diego Páez, 30 - Balaz Sarria
Tfno.: 982 012 026

COMIDA PARA LLEVAR

cafe CUBAN bar

1º PREMIO XV CONCURSO DE TAPIS TAPICHEO'22

Matias López 100, SARRIA - cafeteriabarubano@gmail.com
Tfno.: 982 886 580 calibarcubano

TAPERIA ¡ ¡ATO

Raciones a medida

Comidas por encargo

COMIDA PARA LLEVAR

AVDA BECERREA 15, SARRIA - 982.047.528



Avánzase na Feira de San Lázaro de Antigüidades e Restauración de maio



O Concello de Sarria xa ultima os detalles do programa da XXVIII Feira de San Lázaro de Antigüidades e Restauración, que terá lugar os vindeiros 3 e 4 de maio, coincidindo co Rally de Regularidade do Club Clásicos Sarria, a carreira Pretorian Race Sarria Extreme e o encontro de turismo do Eixo Atlántico Expocidades.

Así, durante eses dous días, a Rúa Porvir, onde se atopan os distintos anticuarios de Sarria, encherase de carpas con postos nos que as persoas xerentes de anticuarios de Sarria e doutros lugares exporán os seus obxectos e pezas de colección, así como haberá postos de artesanía.

Ademais de poder desfrutar de pezas irrepetibles, a Feira tamén acollerá diferentes actividades, como obradoiros e demostracións de bonsais, así como de cerámica, talla, costura creativa e bolillos en diferentes postos.

Como cada ano, tamén haberá actuacións musicais da man da Asociación Peleriños e a Asocia-

ción Meigas e Trasgos pola vila para amenizar a xornada; e, este ano, contarase con servizo de pulpería no propio campo para que as persoas que se acheguen poidan seguir facendo a ruta dos anticuarios pola tarde.

Carmen Rodríguez, presidenta da Asociación de Anticuarios e Restauradores San Lázaro, espera que este ano a divulgación desta feira “chegue a todas partes, porque todos os anos chega xente de moitas partes de Galicia e de fóra. É unha feira coñecida, pero é importante seguir dándolle pulo para que máis xente se una e desfrute deste evento, que se prepara con moito traballo e cariño”. Ademais, sostén que as persoas que veñan van atopar “de todo. Temos pezas de todo tipo, moi diversas, polo que incluso veñen de produtoras de televisión buscar *atrezzo* para ambientar series e películas antigas, o que nos anima, xa que ver as túas pezas na televisión é moi emocionante”.

Un grupo de veciños promove a Plataforma Sarria Aire Limpo

Nace a Plataforma Sarria Aire Limpo, un grupo de veciños e veciñas da comarca de Sarria “preocupados pola preservación dun medio natural limpo e saudable para as nós e as vindeiras xeracións”. Así o explican os promotores, que destacan que a plataforma xorde tras o anuncio da creación dunha planta para xerar combustible sólido (CSR) a partir de residuos no núcleo urbano de Oural e a incineración destes residuos na cemeiteira da localidade.

Actualmente o proxecto atópase á espera de resolución na Xunta de Galicia da Autorización Ambiental Integrada e critican que o Concello de Sarria, a pesar das insuficiencias do proxecto, se negue a presentar alegacións.

“A queima de residuos xerará perigosos tóxicos que, non só irán ó aire que respiramos, tamén se depositarán na terra e a auga contaminando os nosos alimentos e a auga que bebemos; o cal, de acordo coa evidencia científica, terá graves repercusións no medio ambiente e a nosa saúde”, denuncian.

Por iso, din que “toda a veciñanza debe unirse e esixir que prevaleza a protección da nosa saúde e a calidade do medio no que vivimos por riba dos intereses económicos de grandes empresas contaminantes que non respectan os nosos recursos naturais nin a saúde das persoas que aquí vivimos”.

O PROXECTO. Desde a Plataforma explican que o proxecto de Votorantim consiste na creación dunha planta para a trituración e cribado de máis de 100 tipos distintos de residuos industriais e urbanos non reciclables, cunha capacidade de



tratamento que irá ata as 163.800 toneladas/ano. Eses residuos son o papel, cartón, plástico pero tamén de disolventes, pinturas, refino de petróleo, lodos de depuradoras industriais, distintas siliconas, tóner, tintas, etc. Ademais do procesamento, o proxecto recolle que o combustible tamén vai a ser usado na planta de cementos de Oural.

Así, o que lles preocupa, sosteñen, é que usar CSR producido implica queimar ou incinerar ese combustible, provocando emisións contaminantes moi perigosas: dioxinas, furanos, metais pesados, óxidos de xofre, óxidos de nitróxeno... o que se relaciona con importantes efectos adversos para a saúde e o medio ambiente.

Ademais, na actualidade, Oural presenta os peores datos de Galicia en contaminación do aire por dióxido de xofre así como en concentración de chumbo, arsénico, cadmio e níquel.

“Con todo, o proxecto non fai ningunha mención aos impactos que puideran derivarse da queima destes residuos”, polo que queren saber o impacto real sobre a saúde e o medio ambiente de am-

pliarse a actividade da fábrica de Oural ao procesamento e combustión destes residuos.

Tamén esixen coñecer cal vai ser o futuro da fábrica de cementos de Oural e por que “o Goberno local de Sarria se nega a solicitar á Xunta a inadmisión a trámite do proxecto a pesar das insuficientes explicacións que dentro do mesmo dan para calibrar os impactos da devandita ampliación da actividade da fábrica”.

No pleno municipal do mes de decembro PSOE e o BNG presentaron conxuntamente unha moción para pedirlle ao Concello de Sarria que presentara alegacións e que falara coa Xunta de Galicia para pedir a inadmisión do proxecto da empresa Votorantim, xa que a fábrica “non debería estar nun núcleo habitado como é o de Oural”, sostiveron.

Como contestación, o alcalde, Claudio Garrido, defendeu o proxecto, explicando que a planta vai clasificar, triturar e almacenar residuos non perigosos e que non poden ser reciclados de maneira convencional, pero que non van “combustionar nin transformar quimicamente”.

FONTANERÍA Y GAS
VILAR VALCARCEL S.L.

AEROTERMIA
SUELO RADIANTE
BIOMASA
INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

MADERAS GUILLAR
COMPRAMOS MADEIRA DE TODO TIPO:
CASTAÑO, CARBALLO, PINO, EUCALIPTO
(fincas de calquera tamaño)
ENCARGÁMONOS DE TODO PAGO INMEDIATO

645 958 789 (Pablo)
660 517 860 (José Angel)

CHÁMENOS SEN COMPROMISO



SARRIA,
unha comarca con sabor



Pontenova
mesón restaurante

Amplia terraza de verano
Servicio de catering
Comida casera
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Catering_meson_a_pontenova
 Meson pontenova

RIO LOYO
Restaurante



982 535 334
697 491 756
Calvo Sotelo, 124
27600 SARRIA
(Lugo)

A Pulperia Do Luis

Mesón Castro

Domingo noche / lunes cerrado
Amplia terraza de verano
Comida para llevar

Reservas
Cimo de Agra, s/n - Sarria / Tel. 982 041 697



HOTEL A VEIGA

Calle Compostela 61
Samos - Lugo
Reservas: 982 546 052
www.hotelaveiga.es

- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:
Telf. 982 546 063



A Fervenza
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel: 982 15 16 10 - info@fervenza.com
Abiertos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad
Eventos y reuniones

O MIRALLOS

Comida Casera
Cocidos por encargo
Pollos camperos caseros (por encarga)

Mirallos 1, Paradela
RESERVAS:
TEL: 639 010 696

Pili Madeira: Un novo comezo para unha floraría con historia

A floraría Pili Madeira reabriu as súas portas este pasado Nadal de 2024 despois de máis de cinco anos pechada debido a unha reforma

No corazón de Sarria, na Rúa da Liberdade 137, atópase unha floraría con máis de 40 anos de historia: Pili Madeira. Un negocio que creceu e evolucionou co tempo, pero que sempre mantivo a súa esencia: ofrecer produtos e servizos de calidade, adaptados ás necesidades dos seus clientes.

A súa historia comeza a finais dos anos 70, cando a súa fundadora, Pili, percibe a crecente demanda de flores para diferentes ocasións: desde eventos importantes ata simples detalles para embelecer o fogar. Nese momento, xa xestionaba unha funeraria chamada Ma-

A EVOLUCIÓN. Ao longo dos anos, Pili Madeira foi testemuña de innumerables momentos importantes na vida de moitas familias da comarca: vodas, nacementos, aniversarios, despedidas... En cada un deses eventos, as flores xogan un papel fundamental, transmitindo emocións e embelecendo os espazos.

Desde os seus inicios até hoxe, a arte floral experimentou unha gran evolución. O que antes se centraba en composicións máis tradicionais, agora transformouse nun concepto onde a harmonía, a proporción, o equilibrio e o punto

máis alá das técnicas e estilos, o que realmente diferencia esta floraría é o trato próximo e personalizado. Moitos dos clientes que comezaron a comprar na floraría nos seus primeiros anos seguen confiando nela hoxe en día, e o mesmo acontece cos seus familiares. Non se trata só de entrar a comprar flores, senón de sentirse como na casa.

Nun mundo onde todo avanza a gran velocidade, atopar un negocio onde se mantén a proximidade, o trato amable e a confianza é algo que os clientes valoran enormemente. Coñecer os seus gus-



ampliando o seu catálogo de produtos e servizos. Actualmente, Pili Madeira está especializada en tres grandes áreas.

A decoración de ambientes e eventos, xa que a floraría traballa na ambientación de todo tipo de espazos e celebracións. Vodas, comuñóns, aniversarios, eventos corporativos ou calquera ocasión especial na que as flores sexan protagonistas. Desde pequenos detalles ata montaxes florais de gran envergadura, sempre se busca crear ambientes únicos e cheos de personalidade.

Por súa parte, venden na tenda para o público. No establecemento pódense atopar unha gran variedade de produtos, entre os que destacan: Plantas de interior e de xardín, perfectas para decorar o fogar ou regalar. Ramos de agasallo, deseñados para expresar sentimentos en calquera ocasión. Composicións de flor preservada ou silvestre, unha opción ideal para quen buscan beleza e durabilidade nos seus arranxos. Decoración floral personalizada, adaptada ás necesidades e gustos de cada cliente.

Finalmente, os arranxos funera-

rios, nos que servimos ás familias e ás empresas funerarias.

A REAPERTURA. Despois de máis de cinco anos pechada debido a unha reforma, este Nadal de 2024 marca un momento moi especial para a floraría: a súa reapertura. Pero non é só un regreso, senón un novo comezo cun concepto renovado.

A gran novidade desta reapertura é a incorporación de Bicarello, unha tenda especializada en detalles para eventos, papelería personalizada, agasallos exclusivos e produtos deseñados para ocasións especiais.

Con esta fusión, Pili Madeira amplía a súa oferta, ofrecendo aos seus clientes unha experiencia máis completa. Agora, os clientes non só poderán atopar flores e decoración, senón tamén complementos para eventos, detalles personalizados e solucións creativas para facer de cada celebración un momento inesquecible. Esta unión nace coa intención de ofrecer un mellor servizo e facilitar a organización de eventos nun só lugar.

O NEGOCIO EN SARRIA. Ao longo dos anos, Pili Madeira converteuse nunha parte importante de Sarria e de toda a comarca. Non só pola súa traxectoria e a súa calidade no traballo, senón porque é un negocio que forma parte da vida de moitas familias. En cada recuncho da comarca hai un ramo, un centro ou unha decoración que saíu desta floraría.

Ademais, o negocio non se limita a Sarria, senón que tamén realiza traballos e eventos en toda a provincia de Lugo e, nalgún momento puntual, máis aló, levando a súa arte floral a diferentes recunchos da comunidade.

Nunha época onde os pequenos comercios loitan por manterse fronte ás grandes superficies, negocios como Pili Madeira demostran que a calidade, a proximidade e a dedicación son valores que seguen sendo moi apreciados.



deira, e foi a combinación de ambos nomes o que deu identidade á floraría. O que comezou como unha resposta a unha necesidade puntual, pronto se converteu nun negocio sólido e querido pola comunidade.

focal xogan un papel esencial en cada arranxo.

En Pili Madeira, sempre se apostou pola formación e mellora continua para ofrecer aos clientes as tendencias máis actuais e os deseños máis innovadores. Porén,

tos, as súas preferencias e as súas necesidades fai que o servizo sexa máis persoal e satisfactorio tanto para eles como para nós.

OS SEUS SERVIZOS. O negocio medrou e evolucionou co tempo,

maderas grandas



MADERAS Y DERIVADOS

PUERTAS

ARMARIOS

COCINAS Y COMPLEMENTOS

TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)

Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731

www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com



LIMPIEZAS ISABEL

LIMPIEZA DE:

- Comunidades de propietarios
- Post-obra de edificios y locales
- Pisos turísticos y albergues
- Garajes
- Comercios
- Cocinas de restaurantes
- Limpiezas en general

674 467 444

641 171 951

PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

isabellimpiezas@gmail.com

DEPUTACIÓN

O Pleno esixe á Xunta que retire as reformas sobre a dependencia

A Deputación de Lugo esixiralle á Xunta de Galicia que retire as reformas na Lei de Servizos Sociais porque “deterioran a calidade da atención á dependencia”. Así se acordou no Pleno ordinario do mes de febreiro tras unha moción dos socialistas que foi aprobada cos votos a favor do PSdeG e do BNG e cos votos en contra do PP.

Avanzou o presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, que os cidadáns maiores están intranquilos “polo enorme atraso que leva a Xunta nas solicitudes de dependencia. E o Goberno galego en vez de poñer medios para resolver a situación, o que fai é castigar aos concellos”. Puxo como exemplo o Servizo de Axuda no Fogar, lembrando que a Xunta pretende sancionar aos municipios que non cubran o SAF.

Nese sentido, explicou que a Xunta acumula atrasos importantes na valoración das persoas que solicitan a dependencia, pero tamén atrasa en facer efectiva a prestación desde o momento en que esta se concede. Unhas cifras ás que se suman as máis de 1.800 persoas recoñecidas polo Goberno galego que demandan praza nunha residencia.

O texto da moción recolle, en concreto, instar á Xunta de Galicia a que retire de inmediato os cambios introducidos na Lei de Servizos Sociais que permiten a persoas sen titulación adecuada tramitar e informar as solicitudes da Lei de Dependencia; que habilite medidas reais para garantir a correcta valoración da Dependencia, a resolución en prazo das solicitudes e que acorte o prazo de espera entre que se concede a prestación e esta se fai efectiva; que se



deseñe un plan de reforzo do sistema público de Servizos Sociais para dar resposta tanto ás necesidades actuais das persoas que esperan por unha praza de residencias, como ás situacións de incremento de demanda que fai previsible o proceso de envellecemento da poboación.

A reclamación ao Goberno do Estado para que cumpra a súa obriga de cofinanciar o 50% da dependencia e saldar a débeda acumulada de máis de 2.500M€ con Galicia foi aprobada cos votos a favor dos deputados do PP, a abstención do BNG e o voto en contra do PSOE “que se nega a reclamar a Sánchez o que está a negar a Galicia”, segundo incide o portavoz, Antonio Ameijide.

Balado explica que “o nivel mínimo que se paga por cada persoa atendida mensualmente debe financeiro o Estado” que só aporta 76€ dos 100€ que debera achegar para o grao I e só 132€ para o grao II cando debera aportar 150€. “Isto supón que a débeda dende o 1 de agosto de 2023 polo impago das contías mínimas ascenda a 12,3M€ adicionais”.

O Pleno sacou tamén adiante unha

moción dos socialistas para pedirle á Xunta de Galicia que poña en marcha un plan de promoción de vivenda pública “urxente” que cubra as necesidades na provincia de Lugo, onde constan 2.252 demandantes. A proposta saíu adiante cos votos a favor do PSdeG e do BNG e cos votos en contra do PP.

Aprobadas ademais por aclamación dúas declaracións institucionais consensuadas para reivindicar o Día Internacional da Muller que se conmemora o vindeiro 8 de marzo e outra para promover a prevención, a investigación, o diagnóstico precoz e o tratamento das enfermidades raras. A Deputación instará á Xunta a crear unha Valedoría de Igualdade, que asesore e asista as mulleres diante de posibles situacións de discriminación por razón de xénero que se produzan no sector privado. A iniciativa do BNG, presentada como proposta do goberno provincial aprobouse no pleno. Tamén saíu adiante a unha moción que reclama á Xunta unha nova convocatoria de axudas á incorporación e plans de mellora na actividade agraria.

A Deputación reforza o apoio á Reserva da Biosfera Terras do Miño

A deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, anunciou que a Deputación de Lugo reforzará en 2025 o apoio ao tecido asociativo que traballa no territorio.

No marco dos órganos reitor e participativo da Reserva da Biosfera Terras do Miño, aprobouse unha asignación de 220.000 euros, o que supón un incremento do 270% respecto ao ano anterior.

Na sesión tamén participaron o deputado de Medio Ambiente, Carlos López, e o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera.

Segundo destacou García Porto, este aumento responde ao compromiso da institución co medio rural e a protección ambiental, cumprindo así co anunciado previamente polo presidente da Deputación. “O traballo dos colectivos é fundamental para consolidar Terras do Miño e os seus 26 concellos como un referente en protección ambiental e desenvolvemento sostible e inclusivo”, sinalou a deputada.

Para 2025, establecéronse dúo liñas de axuda. A primeira, destinada a financiar actividades, dóbrase desde os 60.000 euros ata os 120.000 euros. A segunda, unha nova liña de financiamento de in-

vestimentos, contará cunha dotación de 100.000 euros.

Así mesmo, os órganos reitor e participativo aprobaron a proposta de actuacións estratéxicas para este ano, aliñadas co Plan de Xestión 2024-2034. Este centrarase na conservación, o desenvolvemento sostible e o apoio loxístico da Reserva. Na programación anual inclúense preto de 100 actividades, como iniciativas de educación e divulgación ambiental no Centro de Interpretación, proxectos nos hortos urbanos do Rato e diversas accións nos municipios da Reserva.

Durante a sesión, García Porto informou que a Reserva da Biosfera Terras do Miño superou con éxito a segunda revisión decenal realizada polo Consello Científico Español e aprobada polo Consello Internacional de Coordinación das Reservas da Biosfera da Unesco.

Este proceso de avaliación, que se leva a cabo cada dez anos, permite analizar o funcionamento, zonificación e grao de implicación da poboación, proporcionando un estudo cualitativo das accións implementadas no territorio.

No marco desta sesión, aprobouse tamén a incorporación da Asociación Frodeira, do Concello de Láncara.

Presentan as liñas estratéxicas en materia de turismo para o 2025

A vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, presidiu unha reunión deste órgano participativo e consultivo, no que avanzou as accións da institución provincial para este ano 2025 e se ratificaron as bases dos Premios de Turismo que serán en setembro.

García Porto sinalou que a institución provincial seguirá a reforzar o seu modelo de turismo de calidade e sostible, deseñado para posicionar a provincia como “un destino de refe-

rencia” baseado nunha oferta diversa e respectuosa co medio ambiente que é capaz de fomentar o desenvolvemento económico local. Entre as iniciativas destaca unha nova edición do programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia, este ano coa participación de 132 colectivos sen ánimo de lucro.

“A proxección nacional e internacional tamén seguirá a ser un eixo clave na estratexia turística da nosa provincia”, avanzou Pilar García Porto. Sinalou que a institución xa participou en este comezo de ano en fei-

ras e eventos da transcendencia de FITUR, Dakar ou Madrid Fusión e ten ademais confirmada a colaboración en grandes citas deportivas, como La Vuelta. Ademais as rutas fluviais seguirán a ser unha proposta estratéxica fundamental na Ribeira Sacra durante o 2025.

O Consello de Turismo ratificou ademais as bases da sexta edición dos premios á excelencia do turismo da provincia nas diferentes categorías: Lugo Cambia ao Turismo Lucense, Turismo Sostible e ...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense.

Regresa esta primavera o programa de música tradicional Tradigalu

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo pon en marcha unha nova edición de Tradigalu, que levará actuacións de grupos de música tradicional, bandas e corais polas distintas comarcas ata final de ano.

A área de Cultura reforza o programa que contará cun 350.000 euros – 100.000 máis que na última anualidade - e que ten como principal obxectivo promover e difundir a música popular e tradicional, fomentando a súa presenza nas programacións musicais e culturais de asociacións e concellos.

A deputada Iria Castro destacou que “ampliamos a dotación do programa, que o ano pasado volveu ter unha gran demanda por

parte das asociacións e concellos e que xenera unha parte importante da actividade das agrupacións de música tradicional, fundamentais na conservación do noso patrimonio musical”. En 2024, Tradigalu permitiu programar máis de 250 actuacións.

As asociacións e colectivos interesados en participar no programa poden consultar as bases na web cultura.deputacionlugo.gal e trasladar as súas demandas a área de Cultura a través do enderezo electrónico cultura@deputacionlugo.gal. A área de Cultura asume o 80 por cento do custo da actuación.

Asociacións e concellos deben aboar aos grupos o 20 por cento restante.

COMARCA

O Gran Camiño 2025 percorreu Galicia con ciclistas internacionais



O Gran Camiño 2025 deixou moi bo sabor de boca despois de celebrarse do 26 de febreiro ao 2 de marzo con cinco etapas nas que participaron diversos ciclistas recoñecidos a nivel internacional, comezando en Portugal, onde tivo lugar a primeira etapa, percorrendo o Camiño Portugués. A segunda percorreu o Camiño de Pontevedra, mentres que a terceira foi polo Camiño de Ourense.

Xa a cuarta disputouse entre A Pobra do Brollón e Pedrafita do Cebreiro, e contou co patrocinio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo. Nesta, o ciclista guatemalteco Sergio Chumil, do equipo Burgos-Burpelle BH, conseguiu a vitoria. A etapa, cun percorrido de 136 quilómetros, decidiuse nos metros finais de ascenso ao Cebreiro, onde Chumil superou ao canadense Derek Gee, aínda que este foi o gañador definitivo do Gran Camiño 2025.

Ademais, durante o percorrido, a proba atravesou os concellos de Monforte de Lemos, Bóveda, O Incio, Sarria, O Páramo, Lánca-

ra, Baralla, Becerreá, Cervantes, As Nogais e Vega de Valcarce, no Bierzo. Xa a última etapa, a quinta, percorreu o Camiño da Coruña, entre Betanzos e Santiago de Compostela.

GALICIA SABE AMAR. Coincidindo coa celebración da cuarta etapa do Gran Camiño, a Consellería do Mar levou a campaña Galicia Sabe Amar ata Pedrafita do Cebreiro. Esta iniciativa busca achegar os produtos marítimopesqueiros á poboación galega, destacando a súa importancia tanto para a saúde como para o impulso económico do sector. O conselleiro do Mar, Alfonso Villares, subliñou que esta iniciativa reforza o apoio do Goberno galego á promoción dos produtos pesqueiros, tamén nos municipios do interior. Destacou, ademais, que o peixe, o marisco e as conservas son fontes excepcionais de proteína con importantes beneficios para a saúde.

Xa está aberto o prazo para solicitar praza nos colexios

Ata o 20 de marzo permanecerá aberto o prazo para que as familias soliciten praza escolar para o vindeiro curso escolar 2025-26 para todo o alumnado que entra por primeira vez no sistema educativo, así como para aqueles alumnos de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO e Bacharelato que desexan cambiar de centro escolar sempre que haxa prazas dispoñibles.

Unha vez pechado o prazo de solicitudes, as listaxes provisionais de admitidos e excluídos publicaranse o día 25 de abril, as definitivas o 15 de maio e os prazos de formalización de matrícula serán do 20 ao 30 de xuño

para os alumnos de Infantil e Primaria e do 23 de xuño ao 7 de xullo para os de ESO e Bacharelato.

A Consellería de Educación pon á disposición das familias unha ferramenta informática, a aplicación admisionalumnao, que posibilita que os proxenitores cubran a solicitude na aplicación, marquen os criterios do baremo que queiran que se lles valoren, e poidan presentala de forma presencial no centro, ou por vía electrónica a través da propia aplicación. Ademais, as familias poderán consultar o estado de tramitación da solicitude nas distintas fases do procedemento.

Nace a Asociación Apoyo Rural para axudar ás persoas de Galicia

Un grupo de veciños e veciñas da parroquia sarriá de San Estevo de Lousadela vén de crear a Asociación Apoyo Rural, unha ONG galega que ten como obxectivo brindar apoio ás persoas en situación de vulnerabilidade no rural.

A entidade centra o seu labor en proporcionar axuda básica a quen non pode cubrir as súas necesidades esenciais, ofrecendo asistencia con alimentos, apoio en novas tecnoloxías, acompañamento a persoas que sofren soidade e axuda con reparacións, mantemento e limpeza de vivendas, vehículos e maquinaria para aqueles que carecen de recursos. Jorge Pardo, presidente da asociación, explica que a sede está en Lousadela “porque é onde estamos nós, pero a nosa finalidade é actuar no ámbito galego, polo que xa temos un punto establecido preto de Lalín e outro na Laracha para poder chegar aos diferentes pobos das provincias galegas”, sostén.

Para cumprir os seus obxectivos, a Asociación Apoyo Rural está a desenvolver diversas iniciativas, como programas de apoio a persoas vulne-



rables en contornos rurais, creación de hortas ecolóxicas para garantir o acceso a alimentos frescos e fomentar a autosuficiencia, compra, cría e venda de gando e produtos agrícolas para xerar emprego e recursos destinados á axuda social, e actividades de restauración e venda de artigos de segunda man para recadar fondos. Por iso, Pardo comenta que xa están na produción de carne de porco así como no cultivo de patacas “para poder ofrecerlle a aquelas persoas que necesiten alimentos; así como estaremos aí para facerlles un desbrozamento, para levarlles leña

ou para achegalos á cidade a facer calquera trámite”, destaca.

Ademais, tamén promoven a recollida e venda de chatarra como parte da súa estratexia de sustentabilidade, así como cursos de formación en novas tecnoloxías e no ámbito rural para mellorar a empregabilidade das persoas en risco de exclusión.

Desde a Asociación Apoyo Rural consideran que a visibilización do seu labor é clave para chegar a máis persoas que necesiten apoio e para concienciar sobre a importancia de fortalecer o tecido social no rural galego.

A colección de armas de Rafael Iglesias Cimadevilla está no Museo

O Museo Provincial de Lugo recibiu unha valiosa doazón, a colección de armas de Rafael Iglesias Cimadevilla, coleccionista e afeccionado ao tiro deportivo, foi entregada pola súa viúva e consta de 159 pezas que reflicten a evolución técnica e científica das armas de fogo desde o século XVIII ata o XX.

A recepción desta colección foi formalizada pola deputada de Cultura, Iria Castro, e a directora do Museo, Aurelia Balseiro.

Entre as pezas destacadas atópanse un trabuco de pistón pertencente a un capitán carlista morto na contenda co bando isabelino, así como unha escopeta de canón de arame e un trabuco da casa Aldecoa, datadas entre 1750 e 1820.

A maioría das pezas corresponden aos séculos XIX e XX e foron fabricadas na localidade guipuscoana de Eibar, un centro neuráxico da industria armamentística nesta época. Ademais, a doazón inclúe bibliografía especializada e 17 diplomas de tiro obtidos polo propio coleccionista ao longo da súa ca-



rreira deportiva.

O persoal do Museo Provincial encargarseá de realizar tarefas de inventariado e catalogación para asegurar a correcta conservación destas valiosas pezas. A doazón amplía e enriquece a colección existente no museo, que comezou a formarse no ano 1932 e que está rexistrada no “Libro de Coleccionista de Armas do MPL”.

Rafael Iglesias Cimadevilla, nado en A Pobra de San Xiao (Láncara) en 1931 e falecido en Lugo

en 2005, cultivou unha profunda paixón polas armas, tanto a nivel deportivo como no ámbito do coleccionismo. Foi campión de Galicia de tiro ao branco en 1954 e campión de Asturias en 1957, participando tamén no Campionato de España. Tras deixar a competición en 1963, centrou a súa atención en continuar a colección iniciada polo seu pai ou algún familiar anterior, converténdose nun referente no mundo do coleccionismo de armas.

Presentan un novo programa de formación para toda a provincia

A Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) formará a máis de 1.260 persoas traballadoras da provincia grazas a un programa de formación financiado polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes, con fondos do Plan de Transformación, Recuperación e Resiliencia.

O obxectivo desta formación é mellorar a cualificación e recualificación dos traballadores lucenses en competencias clave, co fin de reforzar a competitividade das empresas da provincia.

O programa foi presentado polo secretario xeral da CEL, Jaime López, e a subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, durante un acto na sede central da Confederación.

Isabel Rodríguez subliñou que o Goberno destinará máis de 700.000 euros para financiar esta iniciativa, que permitirá formar a máis de 1.260 traballadores de centros de traballo situados en Lugo e a súa provincia. "A concesión destas axudas responde á necesidade de adaptar os coñecementos e habilidades da poboación activa, especialmente en sectores estratéxicos e na mellora das capacidades para a transición ecolóxica", explicou Rodríguez.

A subdelegada do Goberno tamén destacou a importancia de fortalecer as competencias dixitais, mellorar a organización lóxica con criterios de sustentabilidade e promover aforros enerxéticos



nos procesos de produción como parte da contribución do Goberno á economía lucense.

Pola súa banda, Jaime López destacou que este tipo de formación é unha das prioridades da CEL, xa que permite ás empresas da provincia adaptarse aos novos retos de dixitalización e sustentabilidade. "É fundamental que os traballadores saiban integrar ferramentas tecnolóxicas e procedimentais para axudar a asentar os piares das empresas lucenses, porque a transformación dixital e enerxética son imprescindibles na actualidade", afirmou.

A programación formativa, que contará con máis de 1.260 prazas, estará dirixida ao persoal de empresas con centros de traballo en Lugo e provincia. Os cursos, cunha duración de 60 horas, impartiranse na modalidade de teleformación a través da plataforma formate.es, especializada en formación para o emprego subvencionada. A inscrición estará

aberta durante os dous próximos meses ou ata esgotar as prazas. As accións formativas abarcarán tres áreas:

Competencias dixitais eficaces na contorna laboral, enfocadas en tecnoloxías dixitais para a xestión de dispositivos e datos na contorna profesional.

Organización lóxica eficaz e sustentable, que aborda a optimización da cadea lóxica coas mellores prácticas de sustentabilidade.

Aforro enerxético e sustentabilidade en procesos de produción, centradas na xestión da documentación normativa relacionada co Sistema de Xestión Ambiental da organización.

Os interesados en participar poden obter máis información e inscribirse a través da web da CEL, www.cel.es, ou chamando ao 982231150. A inscrición manterase aberta ata completar as prazas.

Convocadas as bolsas Caixa Rural Galega Tomás Notario Vacas



Un ano máis a Fundación Caixa Rural Galega Tomás Notario Vacas acaba de facer pública a cuarta edición das bolsas para estudos de posgrao.

En concreto, convócanse dúas bolsas cun límite máximo de dotación de 40.000 euros cada unha para a realización dun máster ou tese doutoral nunha universidade de recoñecido prestixio nacional ou estranxeira. A contía da bolsa poderá utilizarse para cubrir gastos de matrícula e aloxamento.

De igual xeito que en convocatorias anteriores, para poder optar a algunha das bolsas, os solicitantes deberán ter un título universitario, ter vinculación con Galicia, podendo ser estudantes recentemente licenciados ou profesionais que xa estean a traballar na actualidade.

A selección dos bolseiros basearase en criterios como a formación

académica previa do solicitante, a traxectoria profesional, no caso de que exista e o proxecto de estudos a realizar, así como a súa aplicación posterior prevista.

A Fundación Caixa Rural Galega Tomás Notario Vacas, creada en outubro de 2021, ten como obxectivo contribuir a promover a investigación e a educación, de forma prioritaria no sector agroalimentario e forestal e con especial atención aos estudos superiores. Todo iso co propósito de perseguir a excelencia e especialización dos nosos profesionais presentes e futuros para que iso poida reverter no progreso e a mellora das actividades produtivas de Galicia.

O prazo de solicitude estará aberto ata o 31 de maio e as solicitudes poderán atoparse na páxina web da fundación no apartado de convocatorias.

A Deputación incrementa ata os 500.000 euros as axudas á cultura

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo incrementa ata os 500.000 euros, 120.000 euros máis que o ano pasado, o orzamento destinado ás convocatorias de axudas para o tecido cultural de base.

A Xunta de Goberno provincial aprobou este venres as bases destas liñas de axuda, unha destinada á organización de actividades de dinamización cultural, dotada con 315.000 euros, e outra dirixida a financiar investimentos en instalacións e equipamento nos seus locais sociais, de 185.000 euros.

A deputada de Cultura Iria Castro sinalou que "con esta ampliación do orzamento, pretendemos atender o crecente interese por esta convocatoria, despois do incremento de solicitudes da última



anualidade, unha demanda que valoramos como mostra do dinamismo do asociacionismo cultural".

Nesa liña, indicou que a maioría dos colectivos beneficiarios destas liñas de axuda son pequenas

asociacións de parroquias e concellos, nos que actúan como referentes culturais, programando actividades pero tamén impulsando estudos, investigacións e iniciativas de posta en valor do patrimonio local".

A BMCS ofreceu un concerto no centro A Veiga de Láncara



A Banda de Música da Comarca de Sarria (BMCS) celebrou un concerto no Complexo Terapéutico Xerontolóxico A Veiga, situado na Pobra de San Xiao, no Concello de Láncara, para o disfrute dos seus residentes. O repertorio do concerto combinou obras de temática festiva, aproveitando a proximidade do Entroido, con pezas máis clásicas como boleros, muiñeiras, pasodobres e zarzuelas.

A diversidade musical permitiu que

os internos non só disfrutasen da interpretación, senón que mesmo se animasen a bailar ao son da banda, facendo da xornada unha mañá diferente e moi entretida para todos os presentes.

Esta acción enmarcouse dentro da obra social da BMCS, que busca levar a súa música a toda a sociedade da comarca, prestando especial atención a aquelas persoas con dificultades para asistir a concertos convencionais.

triacastela

Volve aparecer a rata toupa no sur da provincia



A presenza masiva da especie Arvícola terrestis, coñecida como “rata toupa”, volve ser un serio motivo de preocupación nas granxas da provincia de Lugo, especialmente na zona de Pedrafita, onde a súa proliferación está xerando importantes danos nas praderías e na herba ensilada.

As gandeiras da montaña lucense, afectadas por esta problemática, trasladaron a súa queixa ao Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL), advertindo sobre as consecuencias negativas que isto trae para a viabilidade económica das explotacións, dado o aumento dos custos de produción vinculados á alimentación do gando.

A situación non é nova, xa que en 2020, a proliferación descontrolada desta especie herbívora en varias comarcas do sur e leste de Lugo causou estragos en case dúas mil hectáreas de terreo, afectando a milleiros de leiras.

Por iso, leváronse a cabo traballos de campo en Triacastela que permitiron o desenvolvemento dunha análise, investigación e estudo sobre a praga da rata toupa, levando a Sara Ruiz, investigadora triacastelá, a chegar a unha conclusión: “A investigación avala o uso de cairomo-

nas para controlar a reprodución da rata toupa”.

Porén, de novo, as granxas están tendo que facer fronte a esta problemática sen o apoio necesario da administración, o que pon en evidencia a falta de medidas efectivas para combater a expansión da rata toupa. Desde o SLG-CCLL denuncian que, malia que esta situación xa foi abordada en episodios anteriores, a Consellaría do Medio Rural (CMR) segue sen contar cun protocolo de actuación definido para paliar os danos ocasionados por esta especie. Neste sentido, o sindicato demanda a creación dunha liña de axudas para compensar as perdas económicas que están a sufrir as granxas afectadas e insta a CMR a convocar unha reunión para tratar a cuestión e buscar medidas que poidan permitir un control adecuado da presenza da rata toupa.

Entre as propostas que desde o SLG se barallan, destaca a valoración de estratexias máis aló do trampeo, como a aposta por manter unha presenza de depredadores naturais nas zonas afectadas, como a donicela, o raposo ou as aves rapaces, co obxectivo de restablecer un equilibrio natural que regule a poboación desta especie.

Melloran a eficiencia enerxética de varios puntos do municipio

O Goberno local levou a cabo un proxecto de mellora da eficiencia enerxética en varias instalacións de alumeado público do municipio. As actuacións centráronse no Paseo Ruxidoira-Paradela, Pena-Mirallós e Bacorelle. Este proxecto conta cun investimento de 36.058 euros e está financiado a través do Fondo de Compensación Ambiental 2024 da Xunta de Galicia. Con esta intervención, búscase reducir o consumo enerxético, mellorar a iluminación nestas áreas e contribuír á sustentabilidade ambiental do municipio. As obras permitirán modernizar o sistema de alumeado público, incorporando tecnoloxías máis eficientes e sostibles. Deste xeito, lograrase unha redución na factura enerxética do Concello e unha menor emisión de gases contaminantes.

O goberno local de Paradela continúa apostando por iniciativas que promovan a eficiencia enerxética e o desenvolvemento sos-



tible no municipio, garantindo así un mellor servizo para os veciños e unha xestión máis responsable dos recursos públicos.

O CENTRO DE SAÚDE. Tamén se mellorou a eficiencia enerxética no Centro de Saúde da localidade grazas a un investimento de 40.000 euros a través do Fondo de Compensación Ambiental 2024 da Xunta de Galicia. Esta mellora ten como obxectivo reducir o consumo enerxético e mellorar a sustentabilidade do centro sanitario, nunha aposta

pola optimización dos recursos e a redución do impacto ambiental.

A actuación inclúe a renovación de sistemas de iluminación, a mellora do illamento térmico e a implantación de novas tecnoloxías para unha xestión máis eficiente da enerxía.

Con esta inversión, o Concello de Paradela pretende non só reducir a factura enerxética do centro, senón tamén contribuír á loita contra o cambio climático e promover prácticas máis respectuosas co medio ambiente.

A Casa Pitiños Paradela anuncia a apertura do prazo para solicitar praza

A Casa Pitiños Paradela anuncia a apertura do prazo para solicitar praza no servizo de atención á infancia para o vindeiro curso 2025/2026, que estará aberto desde o 6 ata o 31 de marzo.

Este servizo integral está dirixido a nenos e nenas de 0 a 3 anos e

ofrece atención personalizada cun ratio de 5 nenos por educadora, garantindo un trato próximo e individualizado.

O servizo, que se adapta aos horarios das familias e ofrece flexibilidade, permite que cada curso se incorporen novos nenos, adaptán-

dose ás necesidades particulares de cada familia.

A xornada máxima de atención é de 8 horas, axustándose ao ritmo e ás necesidades dos pequenos e as súas familias.

O local, unha antiga aula de infantil do colexio de Paradela que foi reformada para adaptarse ás necesidades dese grupo de idade, pertence ao concello e o servizo de atención aos nenos é totalmente gratuíto, pero as familias deben traer a comida e tamén encargarse da hixiene dos pequenos. Andrea Golás, responsable do centro, di que o centro ten gastos de material didáctico, contos, actividades, manualidades, xoguets e outros materiais educativos, o que representa un desafío económico para manter a calidade do servizo.

Golás tamén destacou que, a pesar das dificultades económicas, o equipo de Casa Pitiños Paradela segue traballando para ofrecer o mellor servizo posible á comunidade, poñendo “os gastos enriba da mesa” e facendo todo o posible para garantir que os nenos reciban unha educación de calidade.

CARPINTERÍA METÁLICA



- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS



CAMIÑO FRANCÉS

C/ Camino Francés, 41 Sarria (Lugo)
Tel.: 672 149 386 / 982 009 270
caminofrances.aluminios@gmail.com



Supermercados PARADELA

Su supermercado de confianza

Servicio de carnicería

Calle Cabaleiros de Santiago, 77 Bajo
27611 PARADELA / Telf.: 982 541 532

“Traballo, responsabilidade e intentar solucionar os problemas”

Montserrat Mulet fai unha valoración positiva do seu primeiro ano como rexedora do Concello de Paradela, poñendo en valor as claves da política local

Jessica Fernández

O pasado 19 de xaneiro, Montserrat Mulet fixo un ano como alcaldesa de Paradela, un percorrido que valorou de forma “positiva”, xa que “son unha persoa traballadora que sempre está aberta a aprender da xente e das situacións. Asumir a Alcaldía foi un reto, porque cambias de responsabilidades con respecto á etapa de concelleira, pero sigo con ganas de traballar e non eludo as miñas responsabilidades, polo que sigo afrontando este labor con enerxía”.

A rexedora sostén que o que máis lle gusta deste cargo é “o trato próximo coa xente, o contacto persoal e escoitas as súas necesidades para poder darlles solución na medida do posible. A min benefíciame a miña profesión, xa que sempre estiven do lado da xente, trato cos veciños e veciñas e ir avanzando e aprendendo ao lado deles. Non hai fórmulas máxicas, hai traballo, responsabilidade e intentar solucionar os problemas do día a día; esa é a esencia fundamental da política”, destaca.

Durante este ano leváronse a cabo distintas iniciativas para mellorar o municipio de Paradela, como o arranxo de diferencias vías, accesos a núcleos ou a entrega de lotes de produtos de primeira necesidade a familias que acaban de ter un fillo. “Do que me sinto máis orgullosa deste primeiro ano son as iniciativas que teñen que ver coas persoas maiores, cos nenos e coas persoas que traballan a terra, xa que somos un concello no que prima o sector primario. Por iso, levamos a cabo iniciativas que lles facilitaran a vida a estes grupos de poboación e, en xeral, a todo o municipio. O máis importante son as vías de comunicación, xa sexan terrestres como as estradas, como as novas tecnoloxías, xa que todo o mundo necesita conectarse para traballar, para desenvolver calquera trámite administrativo, e niso estamos”, explica.

UNHA PARADELA MELLOR. Os proxectos levados a cabo durante este primeiro ano de alcaldesa por parte de Montserrat Mulet serán os que continúen durante a súa lexislatura ata 2027, po-

ñendo o foco nas “axudas para o fomento da natalidade, que ten como obxectivo asentar poboación no rural, xa que é fundamental: podemos traballar moito, pero se non temos unha xeración que estea no futuro, o traballo non se verá recompensado”, subliña.

Tamén pon o énfase no sector empresarial, “seguiremos fomentando o viveiro de empresas e promovendo o ámbito empresarial, así como o turismo, xa que Paradela ten unha localización privilexiada, ao formar parte do Camiño Francés e da

Con respecto ao emprego, a alcaldesa engade que “un dos logros que queremos resaltar é o feito de poñer a andar o obradoiro de emprego, que hai moitos anos que non tiñamos, e é un éxito ademais porque está compartido por tres concellos gobernados por diferentes partidos políticos: Paradela, Samos e Láncara”.

Ademais, a rexedora admite que un dos problemas de Paradela é a vivenda, polo que están barallando algunha idea para poder resolver esta cuestión, pero “necesitamos a axuda das outras



Ribeira Sacra. Por iso, tamén debemos apostar por conservar a nosa riqueza patrimonial, cultural e gastronómica, así como estar abertos a novas posibilidades para incorporar empresas e poboación, que poidan vivir do sector primario porque é o motor da economía e estar aí con eles, apoiándoos”, destaca.

administracións, xa que contamos con 1,8 millóns de euros de orzamento, diñeiro que xa se gasta maioritariamente no mantemento dos servicios e algunha inversión. Eu son de traballar e queremos seguir avanzando niso, así como no polígono agroforestal, pero dependemos de financiación externa e hai moita



competencia, xa que todos os concellos somos a pedir, polo que as administracións priorizan, pero cada un defendemos o noso territorio e eu pelexarei todo o que estea na miña man por este concello”.

A XENTE DE PARADELA. A alcaldesa de Paradela tamén quixo facer mención ás persoas e colectivos que forman parte do municipio e o poñen no mapa. “As asociacións son o motor cultural do municipio. Temos a Banda de Música de Paradela, cunha tradición de máis de 150 anos que perdura grazas ao labor que fan na súa escola, incorporando ademais gaiteros e coros cos nenos e nenas do concello, polo que nós desde o Goberno local os seguiremos apoiando e intentaremos promover melloras no lugar onde ensaian para que estean máis cómodos”.

Tamén menciona a Asociación de Mulleres de Paradela, que conta con arredor de 200 socias non só de Paradela, senón tamén de concellos limítrofes: “Son unhas traballadoras, sempre organizando actividades, viaxes e comidas. É un traballo encomiable. Teñen unha vitalidade e unhas gañas de traballar que valoramos desde o Concello de Paradela, polo que seguiremos apoiando as súas iniciativas”.

Por outro lado, a rexedora tamén pon en valor o equipo de fútbol a SD Paradela, que “axuda a que os mozos novos participen da actividade deportiva, así como o fagan os veteranos, promovendo que a xente se xunte os días que hai partido para animar aos xogadores”.

Finalmente, lembra que nas parroquias hai dúas asociacións, a de Vilaragunte e a de Castro de Rei de Lemos, que tamén apoian desde o Concello para poder manterse; así como lembra a asociación O Carrual, que vela pola conservación dos cañeiros de Paradela, Guntín, Portomarín e O Páramo.

Como conclusión, Montserrat Mulet sostén que ser alcaldesa é “un traballo constante, xa que é estar día a día ao lado dos veciños escoitando as súas necesidades e resolver o máis urgente. A xente ten que entender que non somos Deuses; non podemos solucionar todos os problemas, ademais de que as cousas levan tempo, non se resolven de forma inmediata; polo que nós nos centramos no día a día e mirar cara ao futuro de forma positiva”. Por iso, conclúe que “o meu proxecto nos vindeiros anos será apostar polo traballo diario, cos pés na terra, e sobre todo aprendendo dos maiores, que nos dan moitas leccións de vida e hai que seguir contando con eles na nosa sociedade”.

Láncara avanza na conectividade rural coa axuda do Goberno



O delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, destacou no Concello de Láncara o impacto dos investimentos estatais para estender a fibra óptica nas zonas rurais da comunidade.

Nunha visita, o delegado supervisou os avances do proxecto de dixitalización xunto co alcalde, Darío Piñeiro, o deputado provincial, Pablo Rivera, e a subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez.

A iniciativa permitirá dotar de fibra óptica a máis de 1.200 familias e empresas do municipio grazas ao Plan UNICO-Banda Ancha.

Durante a reunión celebrada na Casa do Concello, o alcalde de Láncara informou ao delegado sobre o progreso dos proxectos de conectividade.

Un dos principais avances foi o traballo desenvolvido pola empresa ADAMO, que xa levou a fibra a 87 núcleos de poboación do municipio cun investimento de 900.000 euros.

COHESIÓN TERRITORIAL. O Plan UNICO-Banda Ancha, promovido polo Ministerio de

Transformación Dixital e Función Pública e financiado polo Plan de Recuperación do Goberno, comezou a executarse en 2021.

O obxectivo é financiar infraestruturas e proxectos que permitan levar a conexión de alta velocidade a zonas sen cobertura nin previsión de instalación.

O Ministerio achega ata o 70% dos custos tecnolóxicos, de obras e permisos, mentres que as operadoras asumen o resto do investimento.

Blanco subliñou que este programa, que se atopa na fase final de execución, representa un paso fundamental para a cohesión territorial en Galicia. "Garantimos que o rural galego teña acceso aos mesmos servizos tecnolóxicos que as áreas urbanas", asegurou.

Na provincia de Lugo, o Goberno destina 26,8 millóns de euros do Plan UNICO-Banda Ancha para levar esta conectividade a 89.300 vivendas e empresas, reforzando as oportunidades de desenvolvemento e modernización do territorio.

Inaugurada a nova ponte de Supena, na parroquia de Ronfe

A nova ponte de Supena, sobre o río Sarria, foi inaugurada polo presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), José Antonio Quiroga, e o alcalde do municipio lucense de Láncara, Darío Piñeiro.

A construción da infraestrutura, que contou cun investimento de 650.000 euros, cumpre con todos os requisitos establecidos no Plan Hidrolóxico vixente. Conta cunha maior sección e anchura, o que mellora a capacidade de desaugadoiro do río e facilita a circulación de vehículos na zona.

A ponte, situada na parroquia de Ronfe de Láncara, foi demolida e construída de novo, xa que a antiga ponte sufría graves danos nun dos seus piares, deterioro que se agravou polas crecidas do río Sarria en xaneiro de 2023.

Por mor deste deterioro, o Concello decidiu pechala ao tráfico e optouse por levantar unha nova estrutura no mesmo emprazamento para manter a integración



coa rede viaria, despois de que o alcalde de Láncara e o presidente da CHMS asinaron en febreiro de 2023 un protocolo de actuación e un convenio de colaboración. Segundo este acordo, a CHMS financia o 80 % do orzamento, mentres que o Concello achega o restante, mediante unha modificación de crédito.

A NOVA PONTE. A novo viaduto conta con dous carrís de tres me-

tros cada un, ademais dun espazo para peóns de dous metros de ancho, xa que a vella ponte contaba cun único carril de tres metros de ancho, insuficiente para permitir o cruce simultáneo de dous vehículos, segundo indicou a CHMS.

Este viaduto conectará Ronfe e Pousadela, facilitando a mobilidade e servindo de unión para numerosas leiras agrícolas, ademais de beneficiar a máis de 200 veciños destes dous núcleos de Láncara.

Reivindican o apoio do Goberno de España ao sector primario galego

O delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, subliñou o firme compromiso do Goberno de Pedro Sánchez co sector primario galego nunha visita a Láncara.

Durante a súa visita, destacou as axudas extraordinarias destinadas a aliviar os efectos da seca e da guerra en Ucraína, que se traduciron en máis de 56 millóns de euros a través do Ministerio de Agricultura para máis de 6.600 explotacións leiteiras na comunidade.

Blanco destacou o especial apoio do Executivo central ao sector lácteo, que considera "fundamental no desenvolvemento económico e social de Galicia", sinalando ademais os máis de 3 millóns de euros



transferidos á Xunta para combater a Enfermidade Hemorráxica Epizoótica (EHE), a pesar de que a Xunta non ten competencias neste ámbito.

O delegado reiterou o compromiso

do Goberno de España co sector lácteo galego, facendo fincapé na importancia de apoiar o relevo xeracional e garantindo que o campo galego siga sendo unha fonte de oportunidades.

DÍA DO PAI SARRIA

10-19 MARZO

Papá dacho todo, dálle ti o mellor, merca produto local
Merca a teu agasallo no Centro Comercial Urbano de Sarria e
GAÑA UN VALE DE 200€

Proxecto cofinanciado por
XUNTA DE GALICIA
aces ccu

Aprobados os Orzamentos para 2025 por 2,2 millóns de euros

O Concello do Incio aprobou no Pleno os Orzamentos Municipais para o ano 2025, que ascenden a 2,2 millóns de euros, unha contía similar á do ano pasado. O grupo da oposición decidiu absterse na votación dos mesmos. O Goberno local destina unha parte significativa dos investimentos reais a obras financiadas polo Plan de Deputación de Cooperación cos Concellos. Entre as principais actuacións previstas destaca a pavimentación de accesos a varios núcleos da zona, como Ferrería, Saa, Monteagudo, San Salvador, Viladecais, Paços, Viteses e Vilar da Vara.

Unha das novidades máis destacadas deste orzamento é a substitución do sistema de calefacción da Casa Consistorial por un sistema de aeroterminia, que permitirá unha mellora na eficiencia enerxética do edificio.

Tamén se instalará unha pequena planta fotovoltaica que contribuirá ao bombeo do sistema de abastecemento de auga, o que enmarcará o Concello dentro da Axenda 20-30 de desenvolvemento sostible. Estas medidas permitirán reducir o consumo eléctrico e mellorar a eficiencia dos recursos municipais.

O Concello do Incio fará esforzo para seguir prestando o Servizo de Axuda no Fogar, e creará un novo servizo de Xantar na Casa, destinado a familias con dificultades económicas que precisen apoio. Pola súa parte, en materia de vivenda investiranse máis de 466.000 euros.

No ámbito da cultura, apoiarán o Festival Terra Brava e o Tremeterra Fest, dous eventos musicais de gran proxección que seguen gañando público ano tras ano; así como organiza a primeira edición do Cocido Gourmet de Porco Celta, que terá lugar o 15 de marzo.

O Festival Tremeterra xa ten datas confirmadas para a súa IV edición

O Festival Tremeterra, unha das citas imprescindibles para os afeccionados da música *soundsystem* e da cultura *dub*, regresa este verán ao Encoro de Vilasouto para celebrar a súa cuarta edición. O evento, coñecido como o Encontro Soundsystem da Terra Brava, terá lugar os días 29 e 30 de agosto, reunindo obradoiros, debates abertos, música en vivo e o mellor do soundsystem internacional.

A organización xa avanzou que esta edición contará cun "cartel de infarto", seguindo a estela da exitosa entrega de 2024, que trouxo artistas como Wedding Dub, Higher Meditation, Nia Songbird, Mr



Zebre, Baboon Prophecy, High Paw, Chapamama e Dub Mono Hi-Fi. Tamén estiveron presentes Radikal Guru, Wandem Soundsys-

tem & Hornsmen Section, Torok, Ginette Prod, Lewis Bennet, High Nebra, Le Faune Stepper, Amandub, Ital Roots e Lasai.

O Concello celebra a I edición do Cocido Gourmet Porco Celta



O sábado 15 de marzo, o Concello do Incio organizará a primeira edición do Cocido Gourmet Porco Celta, un evento gastronómico que busca revalorizar este produto autóctono e convertelo nun atractivo turístico tanto a nivel comarcal como en toda Galicia.

A comida terá lugar no Hotel Hermida Rural, en Eirexalba, a partir das 14.00 horas, e contará cun pregón a cargo da escritora local Marica Campo, quen foi elixida para esta primeira edición polo seu papel como referente cultural do medio rural galego. Antes do xantar, os asistentes poderán gozar dunha cata de viños a cargo de Adegas Guímaro, coa participación especial de Terra Brava como adega convidada. Ademais do cocido, o menú incluírá sobremesa e queimada, mantendo as tradicións culinarias galegas.

O alcalde do Incio, Héctor Corujo, subliñou a importancia deste evento para poñer en valor

o porco celta, unha especie que conta coa maior explotación no municipio. Ademais, destacou que a intención é consolidar esta cita no calendario gastronómico galego, fomentando a súa continuidade e ampliando a súa repercusión cada ano.

Sobre a figura da pegoira, o rexedor destacou as súas fondas raíces locais, a súa traxectoria persoal e a súa contribución á cultura galega, cualificándoa como "unha das maiores e mellores expoñentes da cultura do noso país".

As persoas interesadas en asistir a esta primeira edición do Cocido Gourmet Porco Celta poden adquirir as súas entradas no Concello do Incio ou realizando a reserva a través dos teléfonos 982 427 014 e 604 017 264. O prezo dunha mesa para 12 comensais é de 540 euros, mentres que a entrada individual pode adquirirse por 46 euros. A asistencia ao evento require a compra anticipada de entradas.

MARMOLES VILARIO

ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

*De las más prestigiosas marcas del mercado

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

marmolesvilario@hotmail.com

www.marmolesvilario.com

CLASES IMPARTIDAS POR UN:
Multimedallista nacional
Bicampeón de España absoluto
Bronce Europeo 2019
Campeón de Europa por equipos en 2021
Mundialista en 3 ocasiones, 2018, 2022 y 2023

Escuela de **TAEKWONDO** SARRIA

MEJORA DE CONDICIÓN FÍSICA
AMISTAD TRABAJO EN EQUIPO DISCIPLINA
CONFIANZA AMBICIÓN HUMILDAD RESPETO

@AC_TAEKWONDO AC TAEKWONDO 664 765 985

o páramo

Música, baile e diversión no Entroido do Páramo



O pavillón do Páramo acolleu unha gran festa de Entroido o pasado 3 de marzo, que se celebrou durante a noite, que estivo chea de música, baile e diversión.

A cita contou cun concurso de disfraces, que repartiu máis de 600 euros en premios para os mellores traxes e presentacións.

Así, decenas de veciños e veciñas do Páramo, así como aos visitantes, participaron nunha xornada de lecer e celebración para todos os públicos, destacando o ánimo e as caracterizacións, que foron individuais e tamén en grupos de xente que decidiron unirse cun mesmo obxectivo: sorprender.

Benjamín García asume a Alcaldía do Concello do Páramo

Benjamín García Toirán, tenente de alcalde do Páramo, asumirá o posto de rexedor despois de que o alcalde José Luis López, asinara unha resolución pola cal transfire as súas funcións, por razóns de saúde, durante o tempo que a súa enfermidade dure.

Así, delega as funcións e competencias de xestión e dirección, ademais da facultade de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de acordos

administrativos que afecten a terceiros.

O PP conta con maioría, polo que o traballo seguirá na mesma liña, a pesar de que José Luis López deixa temporalmente a Alcaldía do Páramo.

Pola súa parte, Benjamín García Toirán, quen é da confianza do alcalde e responsable da concellaría de Deportes, seguirá o camiño do rexedor en canto ás súas iniciativas, propostas culturais e obras para seguir mellorando o municipio paramés.

samos

O Goberno local reafírmase como promotor das obras en Teibilide

O Concello de Samos aclara o seu papel como promotor das obras realizadas en Teibilide, así como en Lourido Grande (núcleo) e Lourido Grande (acceso a Pardelas) despois de que representantes da Xunta de Galicia visitaran o municipio e anunciaran a achega de 22.400 euros para desenvolver estas obras.

A alcaldesa, Chus López, foi quen asinou a solicitude da subvención e o equipo de goberno municipal tomou a decisión de solicitá-la, escollendo ademais os camiños a rehabilitar e elaborando os proxectos correspondentes. Estas obras enmárcanse dentro do Plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria 2023-2024.

O importe total aboado polo Concello de Samos pola execu-



ción destas tres obras supera os 145.000 euros, dos cales o Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) achegou 81.479,26 euros. Este financiamento provén nun 7,5% do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), nun 17,5% da Xunta de Galicia e nun 75% do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

En total, desde o Concello de Sa-

mos sosteñen que “investimos máis de 65.000 euros de fondos propios, mentres que algo máis de 60.000 euros proceden de fondos europeos, e a achega da Xunta non alcanza os 15.000 euros”. Desde o Concello de Samos tamén se sinala que, tras a resolución inicial de concesión da axuda, aplicouse unha minoración que o consistorio recorreu e non descarta levar á vía contenciosa.

San Xoán de Lóuzara acollerá o III Campionato de Tute a finais de mes

San Xoán de Lóuzara, en Samos, prepárase para celebrar o III Campionato de Tute, que terá lugar os días 28 e 29 de marzo de 2025 na Parrillada Paredes de Lóuzara.

Este evento, que se ten convertido nunha cita destacada para os amantes deste tradicional xogo de cartas, contará con atractivos premios e un ambiente festivo.

Os premios para os gañadores do

III Campionato de Tute inclúen trofeos, unha paleta, produtos ibéricos e un lote de viño para o primeiro posto; trofeos, un lote de ibéricos e un lote de viño para o segundo; trofeos e dúas botellas de whisky para o terceiro; e trofeos xunto cun lote de viño para o cuarto clasificado.

A inscrición ten un custo de 20 euros por parella, e as persoas

interesadas en participar poden contactar coa organización a través dos teléfonos 659 837 499 (Paredes) ou 680 124 201 (Patricia).

Ademais do campionato, os asistentes poderán gozar dun servizo de polbería, o que fará desta cita unha gran ocasión para combinar competición e gastronomía.



INVISTE EN PARADELA

VIVEIRO DE EMPRESAS

FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.



DEPORTES

“A AC Taekwondo e o deporte fainos medrar como persoas”

O taekwondo en Sarria está de moda e iso reflíctese nas 130 licenzas que aglutina a Escola Taekwondo Sarria, cuxo promotor, Álex Losada, máis coñecido como Álex Camba, valora moi positivamente. “Estou moi contento co alumnado que temos, xa que contamos con moitos nenos e nenas que teñen ilusión por aprender e desfrutar deste deporte, explica”.

Ademais de destacar o compromiso e o esforzo dos máis de 100 nenos e nenas de entre 3 e 16 anos que seguen os pasos do seu adestrador, hai tamén un grupo de 20 adultos de entre 17 e 50 anos que comparten o amor polo deporte nunha idade máis madura, na que intercambian vivencias, experiencias e coñecementos, aprendendo uns dos outros nun ambiente interxeracional.

Un dos deportistas, Cristian Vivas, de 19 anos, sostén que “Na Escuela de Taekwondo Sarria, valoramos a esixencia para cumprir cada un dos nosos obxectivos que nos marca o noso adestrador e mestre Álex Losada, o cal é moi coidadoso e metódico á hora de organizar cada adestramento, facendo que cada día de adestramento sexa único e diferente”.

Pola súa parte, Raquel Vilarín, de 35 anos, argumenta que “desde que inicié o camiño do taekwondo descubrín unha arte marcial que me achega grandes valores, entre os que destacaría sen dúbida a disciplina, a seguridade nun mesmo, a perseveranza, pero sobre todo o respecto e o compañeirismo. En xeral, o taekwondo faime crecer un pouco máis como persoa”, destacou a alumna.

Tamén Fidel del Río, de 39 anos, cre que mellorou grazas ao taekwondo: “O taekwondo e o traballo que



facemos na escola permite un desenvolvemento moi fluído en moitos aspectos. Realizamos un traballo de preparación física co que notei unha mellora a nivel de forza e cardio; e o adestramento máis específico axuda a mellorar a elasticidade, coordinación, concentración e control do corpo. Persoalmente, estou moi agradecido a Álex porque sempre adaptou os adestramentos ás nosas capacidades e necesidades, de tal forma que se consegue unha progresión constante que motiva a seguir involucrado e a coñecer máis a fondo este deporte”.

Finalmente, Juan José López, de 26 anos, cre que “desde que empecei, o que máis noto é a flexibilidade. Tamén o noto na resistencia e forza polos adestramentos que nos prepara Álex, xa que sabe que temos que facer para mellorar cada un. É un gusto e unha sorte ter a alguén como el de adestrador. En canto á técnica, todos os alumnos esforzámonos moito e dá gusto o bo rolo que hai. Hai dúas mozas que se examinan para cinto

negro e son as primeiras en axudar aos que son de cinto máis baixo”, comenta.

Pola súa parte, Álex Losada sostén que “o mérito o teñen eles, por todo o seu esforzo, compromiso e gañas por aprender, o que me fai a mí estar súper contento e orgulloso do traballo feito na AC Taekwondo Sarria”, concluíu.

CAMPIONATO DE ESPAÑA. A AC Taekwondo Sarria participou no Campionato de España de Taekwondo 2025, celebrado en San Vicente del Raspeig, Alicante, representado por dous membros: Mateo Fernández, que competiu na categoría trío Junior masculino, e o seu adestrador, Álex Losada, que participou en individual senior 1 e trío 1 masculino. O resultado foi máis que satisfactorio, con un total de tres medallas: dous ouro e unha prata; destacando Mateo Fernández, que logrou un histórico ouro na súa categoría, sendo o primeiro alumno da escola en conseguir esta distinción.

O míster da SD Sarriana presume de equipo



O adestrador do equipo da SD Sarriana, José Antonio Rodríguez, leva un mes ao mando do colectivo, e afirma ver aos xogadores con moitas gañas de manterse. “Eles saben que foi un camiño difícil de chegar a estes postos e sobre todo manterse; véxoos con fame, que é o importante”, destacou.

José Antonio Rodríguez, ourensán de 36 anos e que vén de adestrar ao Alondras de Cangas na tempada 2022-2023, continúa co traballo feito por Guillermo Oriol e Jaime Paz, e amosa a súa ilusión e preparación para afrontar o reto. “Estaba preparado para afrontar esta situación. Estou ilusionado porque quero axudar, que é do que se trata”, comentou o técnico.

A SD Sarriana atópase actualmente na parte alta da táboa clasificatoria, o que lle abre a posibilidade de participar no playoff de ascenso. Porén, José Antonio Rodríguez recalca que a mentalidade do equipo debe centrarse en cada partido. “O

pensamento do equipo debe ser querer facer bos partidos e centrarnos no curto prazo, pensar máis aló da semana que che toca é un erro e desvirtúa a situación do equipo. O que está feito permítenos estar onde estamos, pero ir semana a semana é o importante. Ademais, é importante controlar as expectativas, porque poñer o foco en algo que non tes no horizonte é irreal”, afirmou. Rodríguez engadiu que “en 7 días pasas dunha situación moi boa a unha moi mala, e hai que desfrutar a situación actual e traballar ben partido a partido”.

Finalmente, o adestrador quixo resaltar o traballo colectivo do equipo: “Todos fan un traballo impresionante, son un equipo na súa máxima expresión e todos contribúen a que o equipo flúa”, concluíu.

A SD Sarriana continuará loitando por manter o seu posto na clasificación e seguirá centrada en dar o mellor de si mesma partido a partido.

Tapisa, s.l.
TU FÁBRICA DE SOFÁS A MEDIDA
 ¡RETAPIZAMOS TU VIEJO SOFÁ!
 982 533 165
 646 599 185
 Crta. Comarcal 546, km 21 Sarria

FACENDA FARRUQUINO
ATENCIÓN FAMILIAR
 SOMOS ESPECIALISTAS EN CARNE FRESCA, CO CORTE AO GUSTO DO CLIENTE
 DESCUBRE O NOSO EMBUTIDO DE A FONSAGRADA
HORARIOS DE LUNS A SÁBADO
 Horario continuo de 9:00 a 21:00 h.
DOMINGOS E FESTIVOS
 De 10:30 a 14:00 h.
 RÚA DIEGO PAZOS 47, SARRIA
 www.facendafarruquino.gal

A III Ruta Enduro Triacastela será os días 21 e 22 de marzo



A III Ruta Enduro Triacastela 2025 terá lugar os próximos 21 e 22 de marzo, organizada un ano máis polo Team Zennon de Becerráa en colaboración co Terremoto Club de Triacastela. Como en anteriores edicións, percorrerán a Serra do Oribio, polos municipios de Triacastela, Samos, Pedrafita e Folgoso do Courel, percorrendo os seus fermos-

os paisaxes naturais e desfrutando dunha ruta pensada para ofrecer tanto desafíos como diversión. O ano pasado, foron 244 as persoas que tomaron parte nesta singular ruta, un evento que os organizadores consideran un éxito: "Foi unha ruta xenial, onde os participantes o pasaron moi ben e queren repetir", destacaron.

O Clube de Pesca Río Neira levou a cabo unha xornada de limpeza

O Clube de Pesca Río Neira levou a cabo a primeira xornada de limpeza do río Neira deste ano. A actividade consistiu en desbroces e a retirada de lixo, co obxectivo de mellorar o estado do río e contribuír á súa conservación.

Un ano máis, a presenza de plásticos de silo foi especialmente alarmante, mantendo uns niveis moi elevados de contaminación que afectan gravemente ao ecosistema fluvial. A pesar dos esforzos, os voluntarios seguirán traballando para eliminar

esta problemática que pon en risco a biodiversidade da zona.

Así, os organizadores xa anunciaron que a próxima xornada de limpeza terá lugar o vindeiro 8 de marzo, á que invitan a todas as persoas que queiran sumarse a este proxecto de conservación e coidado do río a participar activamente. O Clube de Pesca Río Neira pon en valor a importancia de manter limpos os ríos para garantir a supervivencia do peixe e favorecer a práctica da pesca a mosca e sen morte.

Roi Pérez López clasifícase para o Campionato de España de Wu Shu

Roi Pérez López, membro do equipo Kung Fu Lán cara desde o 2012, acadou a medalla de ouro na súa modalidade e categoría de peso no Campionato Xunta de Galicia de Artes Marciais Chinesas en Ourense. Con este triunfo, clasifícase para o Campionato de España 2025.

O medallista da ANPA CPI Ramón Piñeiro da Pobra de San Xiao obtivo, por cuarto ano consecutivo, o ouro na categoría Qing Da Senior, menos de 70 kg.

"Aínda que no equipo Kung Fu Lán cara hai dous anos mudamos de Wu Shu como disciplina asociada dentro da Real Federación Española de Judo para Kung Fu, como disciplina asociada dentro da Real Federación



Española de Karate, o noso prezado alumno e amigo Roi Pérez López continúa afiliado pola súa iniciativa na Federación de Wu Shu. Ano tras ano renova o seu título de campión

galego na súa categoría e busca repetir o ouro no Campionato de España", comentou José Manuel Nunes, Laoshi (profesor) do equipo de Kung Fu Lán cara.

Sarria acolleu a primeira proba do Ranking Galego de Pitch&Putt

O Campo de Golf El Pilar de Sarria acolleu a primeira proba do Ranking Galego de Pitch&Putt 2025, organizado pola Federación Galega de Golf. O evento contou cunha gran participación, rexistrando un total de 92 xogadores inscritos.

Na categoría *scratch*, o campión foi o coruñés Hugo Carro, quen logrou unha destacada actuación cun resultado de 50 golpes brutos (-4). Na categoría *hándicap*, o triunfo foi para o novo xogador benxamín Martín Gancedo, cun resultado de 49 golpes netos (-5). O Ranking Galego de Pitch&Putt consta dun total de sete probas, cada unha delas celebrada nun campo diferente de Galicia e a competición concluirá o 1 de xuño



na Coruña. Ao finalizar o circuito, os catro mellores xogadores do ranking representarán a Galicia no Campionato de España de Federacions Autonómicas de Pitch&Putt, formando parte da selección galega.

Con este exitoso inicio en Sarria, a competición promete ser un gran atractivo para os afeccionados a este deporte en Galicia, consolidando o Pitch&Putt como unha modalidade en crecemento dentro do golf galego.

C-27-000501



Y TÚ
¿CÓMO
HABLAS?

logopedia
Centro de m^a del Mar Tourón
99 de callejón 11/12088

TRASTORNOS

- MIOFUNCIONALES • AUDICIÓN
- LENGUAJE ORAL Y ESCRITO
- HABLA • VOZ

NIÑOS Y ADULTOS de 0 a 99 años

Rúa Pedro Saco, 35 Entlo. 27600 Sarria
Tfno.: 669 260 537 m_martl@hotmail.com

CARPINTERIA METÁLICA



NUESTROS TRABAJOS EN TODA LA COMARCA DE SARRIA NOS AVALAN

- PUERTAS AUTOMÁTICAS • ACERO INOXIDABLE
- ESTRUCTURAS METÁLICAS • ALUMINIO SOLDADO
- ACERO CORTEN • REPARACIONES MAQUINARIA AGRÍCOLA

VIMETAL

TALLERES

¡Llámenos y le informamos sin compromiso!

Camilo Francés 43, 27600 Sarria - Lugo
Fran: 699 823 746 / Jose: 669 951 703 • vimetalsarria@hotmail.com

O Club Seurri celebrou unha xornada de Liga Interna de Sala

O Club Seurri celebrou unha xornada coa súa Liga Interna de Sala, un evento que permitiu aos arqueiros competir e medir o seu progreso, e brindou a aqueles que nunca participaron nunha competición a oportunidade de aprender e vivir a experiencia en primeira persoa.

Ademais, esta tirada permitiu establecer un *ranking* interno, comparar resultados individuais e avaliar o rendemento de cada arqueiro ao peche da tempada de sala.

Con esta competición, o Club Seurri pon punto e final á tempada de interior e xa se prepara para afrontar o reto da tempada de exterior.

Canteira e humildade, a esencia do equipo SD Oural

Jorge Fernández González, máis coñecido como 'Negrete', é o adestrador do equipo da Sociedade Deportiva Oural desde hai máis de 12 anos

Jessica Fernández

“Sorpréndenme os xogadores pola súa calidade humana e futbolística. Hai que mellorar algunhas cousas da liña de traballo, pero en xeral estamos traballando ben para sacar máis puntos nesta segunda parte da tempada”. Jorge Fernández, máis coñecido como Negrete, fala así do equipo de fútbol da SD Oural que dirixe desde hai máis de 12 anos e que o ano pasado conseguiu ascender a Primeira Galicia despois de estar “entre 5 e 6 anos pelexando por ese obxectivo”, destaca. “Sentimos moita satisfacción cando ascendemos por todo o traballo feito durante estes anos, nos que iamos quedando en postos superiores, pero non chegabamos a ascender, polo que isto foi unha compensación por todo ese traballo tanto do corpo técnico como da directiva. Ademais, os nosos xogadores son maioritariamente de Sarria, polo que tamén é un logro importante para o pobo”, subliña. Sobre esta tempada xa comezada, considera que “estamos tendo mala sorte, xa que non conseguimos apuntar tantos e estamos ao final da listaxe de equipos. Hai algúns equipos que son superiores e que poderían ser de preferente, entón están loitando por ascender e do resto somos todos moi parecidos, polo que estamos pagando a ‘novatada’ ao ser os chegados recentemente. Nós temos o obxectivo de manternos, xa que ascender tamén significa adestrar máis tempo, así como o custo económico sobe e nós non poderíamos asumilo. Pero tampouco queremos volver a baixar, xa que levamos moitos anos pelexando por isto e sería un fracaso. O equipo que temos merece estar en Primeira”, destaca. Con todo, recoñece que “é difícil” manter equipos pequenos como este, porque “dependes economicamente das subvencións das institucións, como a do Concello de Sarria que axuda a pagar as fichas dos xo-

gadores, os custos de arbitraje dos partidos e os desprazamentos, polo que lle estamos moi agradecidos; así como as axudas altruístas de persoas vinculadas ao fútbol ou ao Oural, e de empresas de Sarria, que tamén nos axudan. A todos eles estámolles moi agradecidos, xa que sen eles, sería imposible, pero aínda así, é difícil, cada vez hai menos xente nos pobos e hai máis equipos e máis deportes”. Ademais, as instalacións da SD Oural son moi antigas, polo que Negrete considera que é unha necesidade melloralas. Por iso, este verán parte da directiva remangouse e arranxou parte da grada, pintando e facendo o mantemento do campo de fútbol, que é privado e está cedido á sociedade. “As instalacións teñen moitos anos e o que facemos son parches. A única solución sería reformalo ou

bol porque era xogador, pero non é o mesmo adestrar, polo que ao principio foi difícil e fun aprendendo de maneira autodidacta. Logo, fixen o ciclo de educación deportiva de fútbol en Monforte e, con coñecemento, todo mellorou moito, xa que souben transmitir o que quería que os xogadores entenderan. Ter xogado non che dá a base suficiente para adestrar”, explica. Así, para el, o máis importante non é gañar, “aínda que iso o queremos todos, pero non a calquera prezo”. O adestrador sostén que a xente que veña a este club “ten que entender que é un club modesto e que o equipo está por enriba dos obxectivos persoais. Queremos que a xente siga e que se manteña”. Isto asegura a supervivencia do club, pero tamén da parroquia do Oural e toda a zona



facen un novo, pero ao ser privado non podemos optar a subvencións da Xunta para reformalo e construír un de cero custaría demasiado”.

A HISTORIA E OS VALORES. O adestrador da SD Oural tomou o mando da SD Oural hai máis 12 anos, cando houbo un cambio de directiva, aínda que o club se fundou no ano 1983. Así, o adestrador daquela deixou o equipo e asumiu a tarefa Negrete, a pesar de que non tiña formación como adestrador. “Eu sabía de fút-

de Sarria, xa que, como sostén Jorge, “hai un gran problema de despoboamento rural. Cada vez hai menos xente no Oural e incluso este ano hai 5 xogadores extracomunitarios no equipo porque xa non hai tanta xente de aquí, e a que hai, é maior, nós por agora temos sorte, pero hai equipos de fútbol na nosa categoría de preto dos 50 anos e é un problema moi gordo porque parece que vaia chegar un momento non que non se poida manter e será inviable”. Porén, a pesar desta mirada des-



animada, hai outra de ilusión e de aposta forte polos equipos de fútbol da zona rural, xa que Negrete non perde as forzas e defende que seguirá guiando ao equipo, xa que, tal e como di, “é importante manter os equipos de fútbol nas parroquias porque os rapaces que viven aquí deben facer deporte e os valores que se transmiten neste deporte quedan toda a vida. Ademais, os meus amigos de toda a vida son os que fixen xogando ao fútbol e iso eu quero transmitirlo tamén ao meu fillo. Estes valores de esforzo, compañeirismo e resiliencia valen para a vida, e no ámbito rural, ademais, un equipo de fútbol no rural achega a cultura dos pobos aos rapaces. Eu nacín nunha aldea, crecín nunha aldea e xoguei no Oural, cando había moitísima xente e agora dáme que cada ano somos menos”, argumenta.

O MODELO SD OURAL. O adestrador defende que o modelo de equipo que se transmite na SD Oural consiste en poñer ao equipo como o protagonista, “xerando un grupo de xogadores fiable e que se identifique co club. O ano pasado había uns xogadores moi bos que marcharon e os que quedaron demostraron que o club non empeorou, senón ao contrario, polo que son todos moi necesarios”, explica. Ademais, di que o equipo está formado por 22 xogadores, todos da canteira da SD Sarriana, polo que serve para que os futbolistas novos teñan unha oportunidade para seguir vinculados ao fútbol se non poden formar parte do primeiro equipo da Sarriana, que está en 3ª RFEF. “Non todos poden xogar en 3ª

e os pais dos rapaces están moi contentos con nós polo trato humano que lles damos e polo amor que lles inculcamos polo fútbol, así como os valores que aprenden xogando. Nós temos un modelo de xogadores no que reforzamos as liñas frouxas pero tratamos de que sexan capaces de chegar ao que poidan eles. Defendemos ter canteira e que chegue a onde chegue, sen medir o nivel, tratando de facelo acorde ao deportivo; somos un equipo humilde”, sostén. Porén, tamén fai unha crítica social argumentando que “antes había máis compromiso que agora, non só no deporte, senón na vida en xeral. Se esixes moito, a xente non che vai seguir. Antes a xente ía adestrar e competía doutra maneira e hoxe é distinto, eu vexo moita diferenza. Pero non é culpa dos pais ou do colexio, é a sociedade en xeral que cambia, que é máis cómoda, non hai esa capacidade de sacrificio e tampouco hai tolerancia á frustración. Por iso, eu valoro moito e busco perfís de xogadores que teñan capacidade de sacrificio e esforzo, que non poña por diante as excusas e saiba saír adiante nunha situación complicada, que niso consiste a vida”, resalta. Con todo, remata poñendo en valor o traballo do seu compañeiro adestrador, así como ao adestrador de porteiros e aos tres delegados que, xuntos, forman o corpo técnico do equipo; e fai unha mención especial ao traballo da directiva, xa que “traballan moito e hai que darlles visibilidade. Perden da súa vida persoal para pelexar para que o equipo siga aí. Somos 13 persoas da comarca de Sarria que traballamos pola SD Oural”, conclúe.

CREADOS

- PSICOPEDAGOGIA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)
- ESTIMULACIÓN PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TECNICAS DE ESTUDIO

¡Informate sin compromiso!

Calvo Sotelo, 183 Bajo
27600 Sarria (LUGO)
626 21 86 28

ESO

INFANTIL PRIMARIA

Vazquez Autos

pelayo
Agente Exclusivo

Rúa Matias López, 126
27600 - SARRIA (Lugo)
Tel. / Fax: 982 530 707
Móvil: 669 199 533
vazquezautos@hotmail.com

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

A Ponte da Áspera de Sarria

Esta ponte forma parte fundamental da ruta do Camiño Francés e é un dos puntos máis destacados para os peregrinos

A Ponte da Áspera, situada no Concello de Sarria, é un dos monumentos máis representativos do patrimonio cultural e arquitectónico da vila. Este antigo paso sobre o río Celeiro, tamén coñecido como río Pequeno, e no pasado chamado Río de Barbadelo, forma parte fundamental da ruta do Camiño Francés e é un dos puntos máis destacados para os peregrinos que inician a súa andaina cara a Santiago de Compostela.

A súa orixe medieval e a combinación de distintos estilos arquitectónicos fan dela un lugar de grande valor histórico, cultural e simbólico tanto para os habitantes de Sarria como para os miles de peregrinos que cada ano percorren esta ruta milenaria.

A Ponte da Áspera serve como paso fundamental entre a vila de Sarria e a súa veciña Barbadelo, seguindo a etapa 28 do Camiño Francés. Esta

ponte, que cruza o río Celeiro, conecta a zona sur de Sarria co interior da comarca lucense e continúa o percorrido dos peregrinos, que enfilan a seguinte etapa cara a Portomarín. Por iso, a súa localización enriquece o trazado do Camiño, ofrecendo aos camiñantes un lugar de gran beleza natural e histórica.

A ORIXE. O que destaca da Ponte da Áspera é a súa singularidade arquitectónica, que revela as diversas fases de construción que sufriu ao longo dos séculos. A ponte mantén tres arcos de medio punto de estilo románico, que se atopan perfectamente conservados e construídos en robusto granito. Estes arcos son testemuñas dun pasado medieval, unha época na que o Camiño Francés empezaba a recibir un número cada vez maior de peregrinos que



chegaban desde toda Europa para render homenaxe ao Apóstolo Santiago.

A estrutura románica, cun deseño sinxelo e funcional, foi ideada para soportar o peso das carretas e das persoas que transitaban por ela. Os sólidos arcos permitían que as augas do río fluíran sen dificultade, mentres que a calzada ofrecía un paso seguro e duradeiro para os camiñantes.

Porén, a ponte non se detén na súa orixe medieval. Como tantas outras infraestruturas históricas, a Ponte da Áspera foi sometida a reformas ao longo dos séculos. O resto da estrutura, que se estende máis aló dos arcos románicos, data do século XVIII, unha época na que a ponte estaba visiblemente deteriorada e necesitaba ser restaurada. Neste momento,

incorporáronse materiais como a lousa para garantir a súa durabilidade e funcionalidade. Este engadido tardío, que se distingue do resto da ponte, trouxo consigo unha nova estética que combina a rusticidade da lousa coa sobriedade do granito románico.

O NOME. Un aspecto interesante da Ponte da Áspera é a súa conexión co nome que recibe. Tradicionalmente coñecida como "Áspera", algúns historiadores e expertos sosteñen que o nome orixinal podería ser "Aspera", sen o acento. Este cambio lingüístico podería estar relacionado coa "asperidade" ou dificultade do paso, unha característica que, en tempos antigos, podía facer que os viaxeiros tivesen que esperar durante horas ou

mesmo días para cruzar, especialmente se se trataba de momentos de gran afluencia de peregrinos. Esta espera podería estar asociada ao pago da tradicional pontaxe, un tributo que se cobraba por usar as pontes para cruzar os ríos.

Despois de cruzar a ponte, os camiñantes teñen a oportunidade de elixir entre dous camiños: o que leva a Santiago de Barbadelo ou o que continúa cara a Maside. Ambos os camiños conflúen máis adiante, na proximidade de Domiz, creando novas posibilidades para os peregrinos.

A Ponte da Áspera é testemuño da historia medieval e moderna de Sarria, un punto de encontro de camiñantes e viaxeiros que, ao longo dos séculos, foron seguindo as pegadas dos que antes caían no seu paso.

MADEIRA

SERVICIOS FUNERARIOS

Funerarias
Tanatorios
Seguros



Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo
Teléfono y fax 982 53 00 15

funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es

Pili Madeira
FLORISTERÍA

Calvo Sotelo, 137 Tel. 982 530 015 SARRIA (Lugo)

floristeria@servimadeira.es - www.floristeriamadeira.es

REGALOS & EVENTOS

bicarelo

Calvo Sotelo 122 Bajo Izq - 27600 Sarria - Lugo
Tel.: 982 88 65 85 / 633 22 69 88
info@bicarelo.es